

# Reforma Judicial

A Fegamp,  
contra a desaparición  
da xustiza de proximidade

**Lei de Medidas Urxentes**  
Así quedan as competencias municipais

**Financiación**  
O cálculo do coste  
dos servizos nos concellos

**Eléctricas**  
Un ano de traballo  
dende a Fegamp

**Pacto Local da Auga**  
Comezan os traballos  
para o seu desenvolvemento



## Nómina multiEstrela

### Sorrí

Porque coa túa **nómina** en "la Caixa" tes motivos para facelo: formarás parte do programa Nómina multiEstrela e beneficiaraste de múltiples vantaxes pensadas para facer o teu día a día un pouco máis doado.

E ademais, agora, ao domiciliares a túa nómina podes levar unha **tablet Samsung Galaxy de 7"**.



[Ti] es a Estrela

Promoción válida do 21-4-2014 ao 31-7-2014 ou ata esgotar existencias (32.500 tablets) para novas domiciliacións de nómina cun importe mínimo de 600 €/mes e unha permanencia de 12 meses, domiciliación do pagamento de recibos cun mínimo de 3 cargos ao trimestre, e un mínimo de 3 compras trimestrais con tarxeta de débito ou crédito (quedan excluídas as tarxetas de empresa). Para os efectos fiscais, esta promoción ten a consideración de remuneración en especie e está suxeita a ingreso a conta segundo a normativa fiscal vixente. Promoción non acumulable a outras promocións de domiciliación da nómina realizadas con posterioridade ao 31-3-2013. En caso de incumprimento, cobrarase unha penalización de 209 €. NRI: 918-2014/9681



24 seleccións, 80 partidos,  
todas as estrelas do baloncesto mundial



Mellor Banco de España  
2012 e 2013  
Mellor Banco en Innovación  
Tecnolóxica 2013



Banco do Ano  
en España 2013

BAI-FINACLE  
GLOBAL BANKING  
INNOVATION  
AWARDS™ 2013

Banco máis Innovador  
do Mundo 2013  
Mellor Innovación en  
Produtos e Servizos 2013



## Carta do presidente

Este primeiro trimestre de 2014 foi o da difícil e a intres desconcertante adaptación á reforma local. Difícil porque, cunha aplicación estrita e excluín-te da nova normativa, os concellos vían cernados unha serie de servizos públicos esenciais para os seus veciños. E desconcertante, porque a normativa está sen desenvolver, adoce de lagoas en apartados moi importantes e cede a interpretación aos interventores municipais, cada un cun criterio e sen a exigible homoxeneidade para evitar desigualdades entre concellos.

A falta de desenvolvemento da normativa non é unha ocorrencia da Fegamp, senón a constatación dunha realidade. Non cabe outra interpretación ao goteo de circulares e notas aclaratorias que o Ministerio está a difundir para aclarar os aspectos máis dubidosos da reforma, que non teñen claro nin aqueles que se converteron nos seus garantes, como son os habilitados nacionais. Isto demostra que a Fegamp tiña razón cando manifestaba que esta reforma ía crear máis problemas que as solucións que pretendía achegar.

Chegados a este punto, os concellos están na encrucillada: ou renuncian á prestación de servizos públicos consolidados e demandados polos seus veciños, ou os manteñen aínda a risco de levantar reparos de intervención e situarse á marxe da lei, coas consecuencias que iso poida ter.

Por iso creo sinceramente que o proxecto de Lei de Medidas Urxentes que elaborou a Xunta para a aplicación da reforma local é positivo. En aplicación das súas competencias estatutarias, Galicia desenvolve mediante unha lei a normativa básica estatal e adecúaa ás súas singularidades territoriais. Esta lei vai permitir que os concellos

manteñamos os nosos servizos sociais, podamos dar continuidade aos convenios coa Xunta para socorristas ou as emerxencias, e iso sen renunciar a que sanidade e educación se transfiran en tempo e forma á comunidade autónoma.

Respecto aos alcaldes e alcaldesas que decidiron sumarse ao recurso de inconstitucionalidade á reforma local. É unha decisión que emana da súa autonomía local, e adóptana porque entenden que así defenden mellor os intereses dos seus veciños. Eu considero que este recurso non dá a resposta inmediata que esixe a situación en que nos atopamos, porque o Tribunal Constitucional non vai interromper a aplicación da reforma, que seguirá producindo efectos. Por esa razón é tan útil esta Lei de Medidas Urxentes, que vai dar aire a todos os alcaldes, sen importar a cor política ou o posicionamento crítico que puidesen expresar na Fegamp.

Non entanto, a Fegamp ten claro que esta Lei de Medidas Urxentes é un prólogo a unha nova Lei de Administración Local de Galicia, que á súa vez deberá actualizar a Lei de Facendas Locais. Non imos renunciar a unha normativa na que, desde Galicia e coa perspectiva de Galicia, ordenemos o noso territorio e establezamos o marco competencial de municipios, deputacións e comunidade. E todo iso, cun escenario de financiamento claro e suficiente.

Non podo terminar sen referirme ao superávit do 0,41% que tiveron os concellos de toda España en 2013. E alégrome que o ministro Cristóbal Montoro asumise o discurso da Fegamp: os municipios somos parte da solución do déficit en España, non parte do problema. Se entre todos conseguimos este superávit, desde logo non foi grazas á reforma local, senón ao esforzo e a responsabilidade na xestión, gastando menos en nós e máis nos nosos veciños.

Por último, outra ameaza en cernes para o municipalismo: o anteproxecto de reforma do sistema xudicial, que prantexa unha centralización dos xulgados nas capitais de provincia. Trátase dun ataque á xustiza de proximidade, á que non poderán acceder miles de galegos se se eliminan os actuais partidos xudiciais. A Fegamp pronuncieuse claramente neste asunto cun rexeitamento frontal ao texto presentado polo ministro Gallardón. Os nosos veciños non merecen este novo golpe.

**José Manuel Rey Varela**  
Presidente da Fegamp  
Alcalde de Ferrol



## CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega  
de Municipios e Provincias

**mayo 2014**  
**número 16**  
segunda época

### Coordinación e redacción

José Luis Jiménez

### Colaboración

José Manuel Chapela  
Director Xeral da Fegamp

Andrés Núñez  
Técnico da Fegamp

Lucía González  
Técnico da Fegamp

Alberto León  
Técnico da Fegamp

Alicia González  
Técnico da Fegamp

Carmen Novas

Responsable de Comunicación do Fondo Galego

### Fotografía

Miguel Muñiz

EFE

Presidencia do Goberno

### Información de publicidade

Dpto. publicidade  
Tel.: 981 062 476

### Deseño e maquetación

Rubine Red Comunicación  
www.rubine.es

### Edita

**Federación Galega  
de Municipios e Provincias**

(Gabinete de Comunicación)  
Rúa Varsovia-Área Central, 4C,  
6º andar / 15703 Fontiñas,  
Santiago de Compostela

Tel: 981 555 990

Fax: 981 565 203

comunicación@fegamp.org

www.fegamp.org

Depósito Legal: C-2775-05

ISSN: 1885-5482



# sumario

03\*

## Carta do presidente

José Manuel Rey Varela aborda un número máis os principais asuntos que preocupan aos concellos de Galicia. Nesta ocasión, comenta en primeiro lugar as incidencias que está a ter a aplicación da reforma local, e as solucións que vai achegar unha norma como a Lei de Medidas Urxentes recentemente elaborada pola Xunta e actualmente no Parlamento. Tamén se refire ao preocupante anteproxecto de reforma xudicial, que ameaza á xustiza de proximidade e ao actual deseño dos partidos xudiciais.

06\*

## actualidade

### Lei de Medidas Urxentes

A reforma local segue dando rabexadas na actividade dos concellos, empuxando a algúns á parálise ao bloquear servizos que viñan prestando con normalidade ata a entrada en vigor da norma estatal. Para garantir a carteira de servizos dos concellos, presentouse como alternativa a Lei de Medidas Urxentes elaborada conxuntamente por Xunta e Fegamp. Ademais, actualizamos o catálogo competencial dos concellos e a súa correspondente cobertura normativa.

11\*

## comisión executiva

### A Fegamp, contra a reforma xudicial

Mediante un acordo unánime da Xunta de Portavoces, a Comisión Executiva e o Consello Federal, a Fegamp expresou o seu rotundo rexeitamento aos retrincoos que se coñeceron ata o momento do anteproxecto de reforma do sistema xudicial español. A principal preocupación dos concellos é a desaparición dos partidos xudiciais e que a actividade dos xulgados se centralice nas cabeceiras de provincia.

12\*

## reportaxe

### Eléctricas

Máis dun ano despois de contactar cos concellos para solicitar as incidencias coas compañías eléctricas, os servizos da Fegamp fan un relatório das actuacións realizadas e o balance dos problemas resoltos.



Concello de Cervo

## 15\* financiamento local

### Custo óptimo

Os servizos económicos da Fegamp estudan nesta ocasión o modelo de cálculo do custo dos servizos, despois de que o Goberno introducise na reforma local os conceptos de "custo estándar" e "custo efectivo". Ademais, analízanse algunhas noticias que afectan as facendas locais, como o novo decreto de estrutura orzamentaria, a normativa para o uso dos remanentes de tesouraría ou o cálculo realizado pola Fegamp sobre o impacto dos gastos de sanidade nas entidades locais galegas.

## 19\* consello federal

### Orzamento 2014

O máximo órgano de goberno da Fegamp entre asembleas aprobou por unanimidade o Orzamento da Federación para este ano 2014. Unha vez máis, as contas do ente municipal están marcadas pola contención de gastos e ingresos, e marcan a cifra orzamentaria máis baixa da última década.

## 20\* reportaxe

### Pacto local da auga

Despois da firma do Pacto Local da auga en novembro do pasado ano, os traballos para o seu desenvolvemento deron comezo. Nesta reportaxe expomos os obxectivos deste importante acordo entre Xunta e Fegamp.

## 23\*

### Fondo Galego

Nesta ocasión, os amigos do Fondo Galego de Cooperación e Desenvolvemento preséntannos o seu novo plan de comunicación, co que pretenden achegar as súas actividades ao maior número de concellos, para conseguir así unha maior implicación municipal.

## 25\* actualidade

### Breves de actualidade

Recompilamos as principais noticias xeradas ao redor da Federación nos últimos meses. Un resumo da acción institucional do presidente e a súa xunta directiva, así como noticias de interese para os concellos.

## 27\*

### Axudas e subvencións

A Fegamp indica as liñas de axudas e subvencións de todas as ordes que poidan ser de interese para os concellos, así como os requisitos para optar ás mesmas e os trámites a seguir. Servizo público para os municipios.

## 29\* actualidade

### Fondo Compensación Ambiental 2014

O DOG publicou recentemente a nova orde que regula o Fondo de Compensación Ambiental derivado do canon eólico, unha ferramenta que aporta importantes recursos para os 314 concellos galegos. Recollemos o seu regulamento esencial.



# Lei de Medidas Urgentes

Obxectivo: blindar os servizos sociais

**Tras os primeiros meses de aplicación da reforma local, as incidencias sobre as competencias municipais non se fixeron esperar. A interpretación estrita da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local por parte dos interventores conduciu a moitos concellos á parálise, ao non poder prestar a carteira de servizos tal e como viña facendo ata o pasado 31 de decembro. Os principais prexudicados foron os servizos sociais. Para garantir a súa blindaxe, Xunta e Fegamp acordaron unha Lei de Medidas Urgentes que ultima o seu trámite parlamentario.**

A esencia da Lei de Medidas Urgentes é establecer unha filosofía de “punto e aparte” á reforma local: as competencias municipais previas á normativa do Goberno enténdense como propias e consolidadas, de maneira que serán as de nova asunción as que deban someterse aos condicionantes da Lei 27/2013. Ou o que é o mesmo, os servizos sociais (entre outros) dos concellos quedan garantidos na administración local a través dunha normativa autonómica que resolve calquera lectura restritiva da reforma.

O conflito xurdiu case desde o primeiro día de aplicación da actualizada Lei de Bases. Os municipios só poderían considerar como propias as competencias taxadas no artigo 25.2, do que se excluían especificamente os servizos sociais para o común dos concellos (mantíñase unha capacidade menor para aqueles de máis de 20.000 habitantes para casos de exclusión social). Ademais, delimitábanse no artigo 26 os servizos que poderían ser delegados desde as administracións estatal e autonómica ás entidades locais. E establecíase como norma xeral no artigo 7.4 que aquelas competencias que non fosen nin propias nin delegadas poderían prestarse sempre que as CC.AA. avalasen mediante informe que non porían en risco a sustentabilidade económica do concello.

Dado que o 25.2 exclúe os servizos sociais, os concellos víronse impedidos por unha maioría de interventores a seguir financiado servizos como as casas de acollida para vítimas de violencia de xénero ou oficinas de atención á muller ou a mocidade. Alcaldes e alcaldesas de todo signo viron como se presentaban

reparos a manter axudas sociais vixentes ata o pasado 31 de decembro, e que eran un sustento básico para as familias máis castigadas pola actual crise económica. En teoría, non habería base para que se impedise aos concellos sufragar estes servizos, porque a Disposición Transitoria Segunda establece que as CC.AA. teñen de prazo ata o 31 de decembro de 2015 para asumir os servizos sociais municipais, polo que se infire claramente que, ata esa data, poderán seguir prestándose desde o ámbito local. Incluso o apartado 5 desa mesma Disposición aclara que, en caso de non asumir as CC.AA. eses servizos, seguiríalos asumindo o concello pero o seu financiamento cargaríase á autonomía, a través de retencións practicadas polo Estado no financiamento de cada comunidade.

Entón, por que se puxeron tantas dificultades desde as intervencións municipais aos servizos sociais? Esa é unha cuestión que non atopa explicación aparente.

A Fegamp trasladou á Dirección Xeral de Administración Local a extensa casuística de que ía sendo coñecedora polos problemas de aplicación da reforma. E a resposta da Xunta foi expor unha normativa que homoxeneizase a interpretación da reforma local por parte dos habilitados nacionais, que puxese fin ás discrecionalidades e devolvese aos concellos a capacidade de manter a carteira competencial que mantiñan ata agora. É dicir, os servizos que demandaban os seus veciños. E todo iso, facelo compatible co principio de estabilidade orzamentaria e de supresión de duplicidades e solapamentos.

O primeiro texto foi presentado á Xunta de Voceiros da Fegamp polo vicepresidente da Xunta e conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, nunha reunión con carácter extraordinario o pasado 5 de marzo. Durante este mes, a Fegamp mantivo diversas reunións co director xeral de Administración Local, Alberto Pazos, e o responsable da Asesoría Xurídica da Vicepresidencia da Xunta, Manuel Pillado, para incorporar propostas da Federación ao texto final da lei, que na súa maioría foron recollidas.

Non entanto, PSOE e BNG desmarcáronse na Comisión Executiva de votar favorablemente sobre esta norma, ao entender que a reforma local debía ser respondida cun recurso de inconstitucionalidade, e non cunha lei autonómica de carácter interpretativo.

A Lei de Medidas Urxentes (LMU) preséntase como o exercicio da competencia exclusiva en materia de réxime local que o Estatuto de Autonomía concede a Galicia no seu art. 27, así como a tutela financeira dos entes locais que recolle o art. 49. Todo iso, como sinala a exposición de motivos do texto remitido ao Parlamento, respectando a autonomía local plasmada no 140 e 142 da Constitución e o 27.2 da norma estatutaria.

Nesta exposición incídese en que a normativa estatal non é senón unha lei de bases que fixa uns mínimos competenciais, e que por tanto o desenvolvemento posterior do abanico de servizos das entidades locais poderá verse cumprimentado con lexislación sectorial ou normativa autonómica. No caso galego, lémbrese a existencia desde 2006 do Pacto Local rubricado entre a Xunta e a Fegamp, no que se establecía un

acordo para a delimitación de competencias e a prestación compartida de servizos.

Segundo a LMU, “é evidente que non poden imporse ás normas aprobadas con anterioridade á entrada en vigor da lei básica requisitos previstos no artigo 25 que só son aplicables ás aprobadas no novo sistema vixente tras a reforma, como os de previsión da dotación financeira, cando as competencias propias das entidades locais veñen sustentadas aínda polo actual sistema de financiamento”.

Por tanto, o texto lexislativo recolle que se entenderá por parte da Xunta e os concellos como novas competencias. Faino no seu art. 3 (do que extraemos os epígrafes máis destacados), aínda que desde unha óptica inversa, delimitando que non é unha nova competencia, e por tanto, que non está suxeito ás esixencias da reforma:

- a continuidade na prestación de servizos establecidos.
- a continuidade na actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que fosen autorizados no pasado.
- a modificación de regulamentos de servizos cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais ou, aínda que as leve consigo, non supoña unha modificación substancial das condicións existentes.
- a concorrencia a convocatorias de subvencións e axudas ou a formalización de convenios de colaboración para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de fomento do emprego, nin tampouco se considerará nova competencia o exercicio das actividades subvencionadas.

Ademais, simplifícase a documentación que debe presentarse ante a Xunta para os informes de acreditación de sustentabilidade financeira para a prestación de competencias que non sexan propias nin delegadas, á vez que se habilita un procedemento especial para reducir os prazos de emisión dos mesmos.

Non entanto, a Disposición Adicional Quinta mantén a obriga da Xunta de asumir as competencias en materia de saúde que actualmente prestan os municipios nos prazos establecidos pola reforma: un 20% anual durante os próximos cinco anos. A asunción das competencias educativas vincúlase á reforma do modelo de financiamento autonómico (en sintonía coas disposicións da norma estatal) e asúmese o compromiso de actualizar en profundidade a Lei de Administración Local de Galicia no prazo de seis meses unha vez se coñeza este novo sistema.

Como complemento a esta normativa e co obxectivo de clarificar o espectro competencial dos concellos, a Dirección Xeral da Fegamp elaborou durante o mes de abril un completo informe respecto diso. Nel, detállase cada competencia e unha comparativa do reflexo que ten nas distintas normas estatais, autonómicas e sectoriais. Polo seu interese reproducése a continuación.

Competencias na Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade local	Competencias na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (LALGA)	Diferenzas Lei 27/2013-LALGA	Lexislación sectorial autonómica ou estatal	
			Lei	Competencias municipais
Planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.	Ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística.	A Lei 27/2013 denomina planeamento ao que a LALGA denomina ordenación.	9/2002, de Ordenación Urbanística de Galicia.	<b>Art. 228</b> A Competencia urbanística dos concellos comprenderá todas as facultades que, sendo de índole local, non estivesen atribuídas a outros organismos. <b>Art 81.1</b> (plans xerais); <b>83.1 e 2</b> (plans parciais, especiais, estudos detalle); <b>108.1</b> (execución dos plans); <b>127</b> (xestión) <b>208 e sgs</b> (disciplina urbanística).
Protección e xestión do Patrimonio histórico.	Patrimonio histórico-artístico.	A Lei 27/2013 elimina a referencia ao patrimonio artístico.	8/1995, de Patrimonio Cultural da C.A. de Galicia.	<b>Art.4</b> Os concellos teñen a obriga de protexer, defender, realzar, e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que se ubiquen no seu termino municipal.
Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade.	Promoción e xestión de vivendas.	A Lei 27/2013 limita a xestión e promoción da vivenda de protección pública.	8/2012, de vivenda de Galicia.	<b>Art. 7</b> Os entes locais, baixo o principio de autonomía, exercen as competencias de vivenda de acordo co establecido na lexislación de réxime local, na lexislación urbanística e na presente lei.
Conservación e rehabilitación da edificación.		É unha competencia que non recolle a LALGA.	8/2012, de vivenda de Galicia.	<b>Art.13.1</b> Corresponderá á Administración municipal velar polo cumprimento dos deberes de conservación e rehabilitación. <b>Art. 90</b> A rehabilitación do patrimonio inmobiliario residencial será obxecto de atención prioritaria por parte das administracións públicas con competencias en materia de vivenda.
Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos,...	Parques e xardíns.		9/2002, de Ordenación Urbanística de Galicia.	<b>Art. 3.1 f)</b> A competencia urbanística comprenderá a facultade de establecer espazos libres para parques e xardíns públicos.
...xestión dos residuos sólidos urbanos,...	Servizos de limpeza viaria, recollida e tratamento de residuos.	A Lei 27/2013 non alude aos servizos de limpeza viaria, englobando na xestión a recollida e o tratamento.	10/2008, de residuos de Galicia 22/2011, de residuos e chans contaminados.	<b>Art.5</b> As entidades locais serán competentes para a xestión dos residuos urbanos conforme esta lei e a Lei 22/2011. <b>Art.12</b> Corresponde ás E. locais como servizo obrigatorio a recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos...
...protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.		É unha competencia que non recolle a LALGA.	8/2002, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.	<b>Art.38</b> Corresponde ás corporacións locais: - Aprobar as ordenanzas correspondentes - Comprobar que os proxectos técnicos reúnan os requisitos regulamentarios. - Adoptar medidas provisionais en situacións de alerta atmosférica,...
Abastecemento de auga potable a domicilio.	Abastecemento de auga.	A Lei 27/2013 engade "potable a domicilio".	9/2010, de augas de Galicia.	<b>Art. 27.1</b> É competencia das Entidades locais o suministro de auga potable, e en particular, a elaboración e aprobación dos proxectos de obras e execución das infraestruturas da súa competencia...
Evacuación e tratamento de augas residuais a domicilio.	Rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais.	A Lei 27/2013 substitúe rede de sumidoiros por evacuación.	9/2010, de augas de Galicia.	<b>Art. 27.1</b> É competencia das Entidades locais a rede de sumidoiros e o tratamento das augas residuais, e en particular, o control de vertidos.
Infraestrutura viaria.	Pavimentación de vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais.	A Lei 27/2013 reduce as competencias a "infraestructura viaria".	8/2013, de estradas de Galicia.	<b>Art.9.1</b> A titularidade das estradas obxecto desta Lei correspóndelle á [C. Autónoma] ou ás Entidades locais.
Outros equipamentos da súa titularidade.	Iluminación pública.			
Avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.	Prestación dos servizos sociais e promoción e reinserción sociais.	A Lei 27/2013 reduce os servizos sociais locais a avaliar/ informar das situacións de necesidade social e atención das persoas excluídas ou en risco de estalo.	13/2008, de servizos sociais de Galicia.	<b>Art. 60</b> Corresponden aos concellos: - A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos. - Ídem dos servizos específicos, sen prexuízo das competencias autonómicas. - Detección e análise das necesidades e da problemática social no seu ámbito. - Elaboración de plans e programas de servizos sociais,...
Policia local.	Seguridade en lugares públicos.	A Lei 27/2013 substitúe seguridade en lugares públicos por policía local.	Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade.	<b>Art. 51</b> Os concellos poderán crear corpos de policía propios.
Protección civil.	Protección civil.		5/2007, de emerxencias de Galicia.	<b>Art. 10</b> Competencia en xeral. <b>Art. 27</b> Competencias dos concellos de máis de 20.000 habitantes.

Competencias na Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade local	Competencias na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (LALGA)	Diferenzas Lei 27/2013-LALGA	Lexislación sectorial autonómica ou estatal	Lei	Competencias municipais
Prevención e extinción de incendios.	Prevención e extinción de incendios.		3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.		<b>Art. 7</b> Corresponde aos concellos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaborar e aprobar plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais.</li> <li>- Adoptar as medidas de prevención en terreos da súa titularidade,...</li> </ul>
Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade.	Ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.	A Lei 27/2013 introduce o termo mobilidade.	RD Lexislativo 339/1990, tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria.		<b>Art. 7</b> Atribúense aos concellos as seguintes competencias: Ordenación e control de tráfico nas vías urbanas; regulación por Ordenanza dos usos nas vías urbanas; inmovilización de vehículos en vías urbanas; peche de vías urbanas, ... <b>Art. 71.4</b> Competencia sancionadora dos Alcaldes en vías urbanas.
Transporte colectivo urbano.	Transporte público de viaxeiros.	A Lei 27/2013 limita a competencia ao transporte colectivo.	6/1996, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos de Galicia.		
Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.	Turismo.	A Lei 27/2013 limita a competencia ao turismo de ámbito local.	7/2011, do turismo de Galicia.		<b>Art.5</b> Corresponden aos concellos: <ul style="list-style-type: none"> <li><b>a)</b> a promoción e protección dos seus recursos turísticos;</li> <li><b>b)</b> o desenvolvemento das súas infraestruturas turísticas;</li> <li><b>c)</b> promover a declaración de concello turístico e de festas de interese turístico, <b>d)</b> potenciar os xeodestinos, etc.</li> </ul>
Feiras, abastos, mercados, lonxas.	Abastos, matadoiros, feiras, mercados e a defensa de usuarios e consumidores.				
Comercio ambulante.		A Lei 27/2013 introduce o comercio ambulante como nova área competencial.	13/2010, de comercio interior.		<b>Art. 72</b> O exercicio da venta ambulante [...] estará suxeita á obtención de licenza, correspondendo aos concellos a súa autorización. <b>Art. 78</b> Corresponde aos concellos a inspección e sanción en materia de venta ambulante.
Protección da salubridade pública.	Protección da salubridade pública.		8/2008, de saúde de Galicia.		<b>Art. 80.2</b> As Entidades locais exercerán as competencias que en materia sanitaria lles atribúa a lexislación de réxime local e as restantes que lles confire o ordenamento xurídico. <b>Art. 80.3</b> Os concellos terán as seguintes obrigas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- control sanitario de edificios e lugares de vivenda e conviven humana.</li> <li>- control sanitario de distribución de alimentos, bebidas,...</li> </ul>
Cemiterios e actividades funerarias.	Cemiterios e servizos funerarios.	A Lei 27/2013 substitúe o termino servizos por actividades.	8/2008, de saúde de Galicia.		<b>Art. 80.3 c)</b> Os concellos terán as seguintes obrigas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- control sanitario dos cemiterios e policía sanitaria mortuoria.</li> </ul>
Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.	As actividades e instalacións deportivas, ocupación do tempo de lecer.	A Lei 27/2013 substitúe as actividades deportivas pola promoción do deporte.	3/2012, do deporte de Galicia.		<b>Art.8</b> Os concellos exercerán as seguintes competencias: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar; [...]</li> <li>3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal...</li> </ol>
Promoción da cultura e equipamentos culturais.	Actividades e instalacións culturais.	A Lei 27/2013 substitúe as actividades culturais pola promoción da cultura, e as instalacións polos equipamentos.	5/2012, de bibliotecas de Galicia.		<b>Art.15</b> Os concellos de máis de 20.000 habitantes deberán prestar o servizo de biblioteca de forma descentralizada. <b>Art.17</b> As bibliotecas locais son aquelas bibliotecas de titularidade municipal que cumpren as condicións para prestar o servizo nunha área de entre 2.000 e 20.000 habitantes.
Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes.	Participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.	A Lei 27/2013 suprime a participación na programación da educación.	Orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación.  Orgánica 2/2006, de Educación.		<b>Disposición adicional segunda</b> As corporacións locais cooperarán na creación, construción e mantemento dos centros públicos docentes, así como na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria. <b>Disposición adicional décimo quinta.- 4</b> Os concellos cooperarán coas Administracións Educativas na obtención dos solares necesarios para construción de novos centros.
A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou educación especial.		A Lei 27/2013 limita a conservación, mantemento e vixilancia aos edificios de titularidade local.	Orgánica 2/2006, de Educación.		<b>Disposición adicional décimo quinta.-3</b> A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios destinados a centros de educación infantil, primaria ou especial corresponderán ao concello respectivo.
Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións.		É unha competencia nova da Lei 27/2013.			



## ALFREDO GARCIA

Vicepresidente primeiro da Fegamp  
Alcalde de O Barco de Valdeorras

### Non é unha proposta válida

O Anteproxecto de Lei de Medidas Urxentes recentemente impulsada pola Xunta de Galicia é unha consecuencia directa da Lei Estatal de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, que na práctica supón que a meirande dos concellos galegos non terán capacidade real de prestar servizos aos cidadáns. Trátase dunha lei impulsada polo goberno de Rajoy absolutamente inaceptable, rexeitada polas entidades locais galegas desde que se tivo coñecemento da súa tramitación.

Mentres os Concellos rexeitaban a lei estatal, a Xunta mantivo unha actitude nada crítica ao respecto, ata que chegou o mes de xaneiro e o goberno de Feijóo deuse conta da realidade que desde o primeiro momento estabamos a evidenciar os concellos, e decidiu propor esa Lei de Medidas Urxentes coa que se pretende corrigir o grave erro da administración de Rajoy.

Dito isto, os alcaldes temos que facer varias preguntas: para qué unha lei estatal, se logo ten que ser corrigida polos gobernantes do seu propio partido?; o goberno de Rajoy vai aceptar esta Lei de Medidas Urxentes da Xunta, que lles contradice por completo, ou vai recurrirla?

En todo caso, e despois da analizada a Lei de Medidas Urxentes, o certo é que segue a non ser unha proposta válida ao cen por cento, xa que nin resolve nin aclara de xeito adecuado nin as competencias nin o financiamento preciso para poder permitir a súa posta en práctica nun prazo de tempo razoable.

Segue a coartar a autonomía municipal, especialmente na limitación na capacidade de organización, o que supón de feito que os entidades locais estarán en situación de desigualdade con respecto a outras administracións. De feito, os concellos serán entidades subordinadas, cun recorte drástico de competencias, o que significa, na práctica, un alto risco de desaparición de servizos básicos para os cidadáns, e a apertura das vías adecuadas para a privatización.

En resumo, os Concellos seguimos a estar nunha situación de inseguridade absoluta –incluso xurídica–, que condiciona por completo a nosa xestión, sempre supeditada a continuos cambios de opinión das diferentes administracións, que sistematicamente están a decidir sobre as entidades locais, ás que se ignora na toma de decisións que lle competen.



## FRANCISCO GARCIA

Vicepresidente segundo da Fegamp  
Alcalde de Allariz

### Un cabo desde Galiza para aplicar plenamente a reforma local

A primeira reflexión a respecto desta Lei galega é que a Xunta adopta unha postura compracente coa reforma local aprobada polo Goberno central a finais de 2013. A iniciativa do Goberno galego implica unha total subordinación á normativa estatal, aceptando de partida que se trata dunha norma básica que debe ser asumida como marco de referencia por Galiza, e a partir de dito marco facer un desenvolvemento da administración local en Galiza. Con este plantexamento, non se pode falar de exercicio de competencias exclusivas, como se expresa na exposición de motivos en referencia ao artigo 27 do EAG, senón do exercicio de meras competencias de execución da normativa estatal.

A normativa básica de réxime local, logo da entrada en vigor da Lei 27/2013, é esgotadora, no senso de que a marxe para a autorregulación polas CCAA, e tamén para a aplicación de políticas locais para actuar no seu círculo de intereses propio dos concellos, é ínfima, polo que pretender que normas "aclaratorias" ou de "aplicación" de dita norma teñen o obxectivo de mellorar a marxe de autonomía local é un argumento falso, en realidade acompañase o plan do Goberno central para que a reforma tamén teña éxito en Galiza.

O que se pretende, basicamente é perfilar o sistema de delegación de competencias, regular os requisitos para a atribución de competencias na lexislación sectorial autonómica de aquí en diante para que se sometan á disciplina do "déficit cero" e articular transitoriamente o exercicio das actuais. Con todo, asúmese totalmente o aspecto fulcral da reforma local, que é que toda competencia que non sexa propia, exerceuse sempre que se cumpra o principio de estabilidade orzamentaria, o estricto cumprimento dos obxectivos de déficit e a supeditación aos informes de administracións autonómica e local, que son vinculantes. Isto é, aceptar a intervención e decisión doutras administracións á hora de ampliar competencias, e con iso servizos e funcións que poidan considerarse de interese local, o que en realidade se converte nun control político aos concellos desde o Goberno galego, central e as obsoletas deputacións. Medo da a definición que se faga do "custe efectivo".

O anteproxecto parte de tres supostos:

- As competencias propias atribuídas na lexislación autonómica que se veñan exercendo non sofren variación. Con todo, a asunción de novas competencias supeditase a informes sobre cumprimento da sostibilidade financeira, e sobre todo "non poden ocasionar un maior gasto das Administracións Públicas" (artigo 1.2 in fine). Este inciso inviabiliza totalmente a expansión de servizos e actividades por parte dos concellos, a prestación de novos servizos concretamente, pois impide que se poida incrementar un teito de "gasto", que será inevitábel, aínda que se articulen e prevexan ingresos para compensar ese maior gasto.
- As competencias por delegación. Neste caso regúlase o procedemento, pero debemos insistir en que esta é unha vía tutelada, fronte ao modelo anterior onde eran os concellos que (ao abeiro do artigo 28 derogado da LBRL) poderían realizar actividades e servizos complementarios en función do interese local. Agora poden "solicitar a delegación" que será facultativa por parte doutra administración, condicionada á avaliación da situación financeira do concello. En suma, é unha vía de asunción de competencias "controlada" e "supervisada" en todo momento por outra administración, o que implica claros límites á autonomía local.
- As competencias que non son propias dos concellos e que viñan exercendo. A iniciativa lexislativa parte de que a prestación de servizos xa establecidos non sexan

considerados novas competencias, non así en cambio a actividade de fomento (subvencións, participacións en actividades económicas), que ten que someterse a informe da Xunta, a través do plan estratéxico que regula a Lei de subvencións (artigo 3.6).

No caso da prestación de servizos establecidos, o criterio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas é diferente, pois no informe sobre a aplicación da Lei 27/2013 afirma que no caso de "competencias que ya se vinieran ejerciendo con relación a la solicitud de los informes previstos (...) deben ser objeto de valoración en los términos que se señala en este artículo [en referencia ao artigo 7.4 LBRL]". Xa que logo, desde o Goberno central seguen a soste que no caso de servizos que agora non sexan competencias propias (ou ben porque a LBRL xa non as considera ou foron implementadas polos concellos ao abeiro do derogado artigo 28 LBRL) tamén teñen que ser sometidas a informe e valoración por outras administracións.

As particulares competencias en materia de servizos sociais, educación e saúde seguen a ser asumidas polos concellos en tanto non haxa un novo modelo de financiamento tanto autonómico como local. No caso das competencias de saúde, reactivase o Pacto Local de 2006, cuxa metodoloxía xa advertira o BNG que deba ser a válida para a distribución e reasignación de competencias locais, no canto da "imposición legal" aplicada coa Lei 27/2013, isto é un proceso pactado e dialogado entre administracións implicadas, non unha decisión central imposta legalmente.

A primeira cuestión a plantexar, sería que á marxe da clarificación que se pretenda facer desde a Xunta sobre a aplicación da Lei 27/2013, haxa unha oposición máis frontal e que se sosteña un enfoque diferente, que é o de denunciar que hai invasión competencial, que as competencias de Galiza recórtanse considerabelmente, e polo tanto debe interperse un recurso de inconstitucionalidade. En segundo termo, vulgar insuficiente estas medidas urxentes, porque afrontan só aspectos parciais en canto á clarificación de competencias, mais non o verdadeiro problema, que é o sometemento dos concellos ao cumprimento estricto dos principios e normas sobre estabilidade orzamentaria e déficit cero, nos termos da reforma constitucional "expres" de 2011, que ademais se emprega para introducir un control directo na súa actividade e competencias, e minguar a autonomía local, até facelos meros executores dun elenco reducido de competencias.

Tanto novas competencias a outorgar por leis sectoriais como as que se poidan asumir vía delegación por entidades locais axústanse plenamente ao novo marco da Lei 27/2013.

Unicamente se avanza en considerar que os servizos xa establecidos (non así a actividade de fomento) se manteñen sen entender que son novas competencias. Agora ben, isto entra en contradición co criterio do Ministerio de Facenda, co que poderá ser obxecto de controversia aínda nos concellos, en función dos criterios de secretaria e intervención.

Porén, a actividade de fomento enténdese como "nova competencia" cando non teña relación con competencias propias (artigo 3.2), o que pon en cuestión que se manteñan axudas por parte de concellos en materia cultural, deportiva, da actividade comercial, dado que esas materias non figuran no catálogo de competencias propias do artigo 25.2 LBRL, e só poderían manterse se hai previsión en lexislación sectorial autonómica, isto é, agás que no caso que existan leis autonómicas sectoriais nesas materias que contemplan como competencia dos concellos esa actividade de fomento, a teor do disposto na disposición adicional primeira do Anteproxecto.

# A Fegamp, contra a reforma xudicial

Voceiros, Executiva e Consello Federal manifestan o seu rotundo rexeitamento a centralizar os xulgados nas capitais de provincia e eliminar a xustiza de proximidade.

O anteproxecto de lei para a reforma do sistema xudicial español aprobado o pasado 4 de abril polo Consello de Ministros soliviantou unha vez máis ao municipalismo galego. O texto, que aínda está nunha fase preliminar e aberto a cambios, contempla a creación duns tribunais de instancia nas capitais de provincia, que posteriormente poderán contar con sedes desprazadas noutros puntos do territorio en función das necesidades ou as particularidades de cada zona.

En principio, o anteproxecto non aborda unha modificación da actual planta e demarcación xudicial, pero alcaldes e alcaldesas de Galicia quixeron ver que o establecemento destes tribunais de instancia é o paso previo á eliminación dos actuais partidos xudiciais, 45 na comunidade (14 na Coruña, 9 en Lugo e Ourense, e 13 en Pontevedra).

Desde que se coñeceu o contido e sustancia deste anteproxecto, a Fegamp manifestou publicamente un rotundo rexeitamento a esta reforma, por entender que se ataca a xustiza de proximidade, un principio básico de calquera veciño, con independencia da zona na que habite. Así o manifestou en primeiro lugar a Xunta de Voceiros da Federación, na súa reunión do 9 de abril, coa unanimidade de todos os seus membros.

“Queremos manifestar a nosa oposición a esta medida exposta polo Goberno”, anunciou José Manuel Rey Varela, “e trasladar aos alcaldes e alcaldesas que estamos á beira das súas reivindicacións para manter unha xustiza de proximidade que sexa igual para todos, con independencia de onde vivan”.

Para o presidente da Fegamp e alcalde de Ferrol, “cando falamos de que as especificidades de Galicia determinan a prestación de servizos, tamén temos que referirnos á xustiza”, e de novo nesta cuestión “os alcaldes e

alcaldesas estamos ao lado dos nosos veciños, sen importar a cor política”.

“Do mesmo xeito que fixemos coa reforma local, que seguimos crendo que non recoñece as singularidades de Galicia, facemos agora cunha reforma xudicial negativa non xa para os concellos, senón para os nosos cidadáns”, engadiu Rey Varela.

O acceso á xustiza é un dereito constitucional “que cremos que se pode ver mermado se finalmente se centralizan os xulgados nas capitais de provincia”, e por tanto “non podemos de ningunha maneira aceptalo”.

Por tanto, a Fegamp expresa a súa adhesión non só aos alcaldes e alcaldesas de Galicia que protestaron por esta reforma, senón tamén aos colectivos profesionais do ámbito da xustiza que se situaron nesta liña.

Esta postura foi ratificada igualmente pola totalidade da Comisión Executiva, na súa reunión do 23 de abril, e posteriormente asumida tamén polo Consello Federal da Federación. O municipalismo galego volve alzar unha única e contundente voz contra unha reforma do Goberno que entende lesiva para os intereses e dereitos dos veciños.

Tal e como explicou Rey Varela, “é importante contar co apoio da Xunta nesta reivindicación, como o foi na reforma local”, porque “reforza a nosa demanda de que se teñan en conta as singularidades de Galicia”. “Unha vez máis, as administracións que estamos asentadas no territorio compartimos diagnóstico e mensaxe”, sinalou, “é a mellor mostra de que compartimos un criterio esencial: o servizo público aos nosos cidadáns”.

O goberno galego reiterou que exporá alegacións a este anteproxecto, despois de recoñecer que o Ministerio de Xustiza solicitou informes ás distintas comunidades autónomas para coñecer o seu parecer sobre o borrador do texto normativo.



Villares e Rey Varela xunto a Luís Díaz, durante a reunión de traballo con Gas Natural Fenosa

# Eléctricas

## Balance do traballo desenvolvido

A actual directiva da Fegamp amosou dende a súa toma de posesión unha sensibilidade especial sobre todos as cuestións que afectan o sector eléctrico, adoptando unha postura firme de defensa das entidades locais ante os abusos das eléctricas. Estas son as actuacións emprendidas dende o comezo do mandato.

*Alfonso Villares, antes antes da reunión co responsable en Galicia de Iberdrola*



### Abril de 2012

O vicepresidente executivo da Fegamp e alcalde de Cervo, Alfonso Villares, reuniuse co Director Xeral do Inega para analizar actuacións de eficiencia enerxética. O fin desta reunión foi analizar tanto as posibilidades técnicas existentes no mercado para a execución dun proxecto de eficiencia enerxética na iluminación pública, como definir os modelos de financiamento que se formulaban para dar cobertura aos concellos.

### 12 de setembro de 2012

Celebrouse unha xornada explicativa, na sede da EGAP, sobre o cálculo de tarifas eléctricas organizada polo Inega, e en colaboración coa Fegamp. O fin desta ferramenta foi amosarlles aos concellos as posibilidades de aforro, así como as posibilidades de contratación da subministración eléctrica mais axeitadas as súas necesidades.

### Outubro de 2012

Remisión aos 314 concellos galegos dunha carta co fin de que nos expuxesen as incidencias que teñen coas compañías eléctricas nos seus respectivos concellos.

### Novembro de 2012

Información aos 314 Galegos da celebración dunha xornada sobre "Os Subministros Básicos: Liberalización do Mercado Enerxético", que se desenvolveu na sede do Instituto Galego de Consumo (IGC) na Delegación Territorial da Xunta en Lugo.

### Decembro de 2012

Elaborase un informe sobre a problemática dos concellos coas compañías eléctricas, tras recoller as incidencias dun número importante de Concellos que nolas remitiron. Observase que a meirande parte das mesmas están relacionadas coa facturación.

Recibidas as incidencias, remitidas polos concellos galegos durante o primeiro trimestre do 2013, a Fegamp iniciou una rolda de contactos coas principais eléctricas que operan no territorio gallego (Endesa Enerxía, Iberdrola, EON Enerxía e Gas Natural Fenosa), exercendo un papel de axente activo de intermediación entre os concellos e as compañías eléctricas.

Nestas xuntanzas coas subministradoras de enerxía eléctrica tratáronse de forma conxunta as incidencias máis representativas que nos manifestaron os concellos, e fixémoslle entrega de forma detallada, de todas e cada unha das peticións dos concellos que sobre múltiples aspectos relacionados con cada unha das compañías puxeron no noso coñecemento. Da maioría das queixas expostas, aínda que eran coñecedoras da súa problemática, non tiñan constancia da petición das mesmas de forma individualizada por parte dos concellos afectados.

Nas conversas mantidas coas empresas subministradoras de enerxía eléctrica estas mostraron receptividade, e a súa disposición a colaborar en todas as cuestións que se lle expuxeron.

En base o seguimento realizado, temos coñecemento de que as empresas comezaron a comunicarse telefónica e/ou persoalmente con todos os concellos que lles comunicaron incidencias, estando resoltas nun 95% dos casos.

As empresas subministradoras de enerxía eléctrica que non tiñan operativo un canal de comunicación directo para as entidades locais, comprometéronse a crear un teléfono e/ou un correo electrónico exclusivo para as administracións públicas, co que poder ter uns tempos de resposta máis áxiles e rápidos, dando resposta a falta de interlocución actual.

Ademais de tramitar as incidencias detectadas nos concellos que se dirixiron á Federación, e comunicar esas novas canles de comunicación a eses concellos, procederon a dar a coñecer as novas vías de comunicación á totalidade dos concellos galegos, onde de maneira especializada e directa poden tratarse todo tipo de cuestións.

Co animo de mellorar as canles de comunicación as empresas comercializadoras habilitaron un correo electrónico de atención exclusiva para os concellos, onde tramitar todo tipo de solicitudes, peticións de información e incidencias:

Gas Natural Fenosa: [servicioatencionayuntamientos@gasnaturalfenosa.com](mailto:servicioatencionayuntamientos@gasnaturalfenosa.com)

E.ON: [gestión.admionistraciones@eon.com](mailto:gestión.admionistraciones@eon.com)

### Xaneiro de 2013

Elaborouse unha guía explicativa sobre as principais cuestións eléctricas, realizadas polos concellos.

Reunión para interesarse polo estado da ferramenta informática para o cálculo de consumos eléctricos feita polo Inega, e a súa posta en marcha para todos os concellos.

Reunión cos directivos de EON na Fegamp.

Mailing aos concellos que operan con EON informando da reunión (Ouro, Guitiriz, Barreiros, Baleira, Mondoñedo, Alfoz, Lugo, Ribadeo, Outeiro de Rei, A Pastoriza).

### Febreiro de 2013

Entrevista do Vicepresidente Executivo da Fegamp, con Gas Natural Fenosa na sede da Federación.

Reunión de Alfonso Villares, con Iberdrola na sede da FEGAMP.

Reunión do presidente e vicepresidente executivo da Fegamp, co delegado xeral para Galicia de Gas Natural Fenosa, Luís Díaz López.

### Marzo de 2013

Negociacións coa Consellería de Economía e Industria para estudar a posibilidade de realizar un convenio en materia eléctrica.

### Abril de 2013

Reunión do vicepresidente executivo co secretario xeral de Industria, e coa xerente de IGC para o desenvolvemento das actuacións do convenio.

Solicitámoslles aos concellos que nos informasen se as compañías eléctricas están a cumprir as actuacións pendentes, e o grao de satisfacción cos Concellos.

Finalmente, o día 8 de abril de 2014, froito das reunións entre a Fegamp, o Inega e o IGC, decidiuse proceder finalmente á sinatura dun convenio de colaboración. O obxecto fundamental do convenio foi establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, e a Fegamp para o apoio e asesoramento aos concellos de Galicia en materia de subministración e comercialización de enerxía eléctrica e aforro enerxético.

Para a posta en marcha do citado Convenio e así dar cumprimento ao obxecto do mesmo, creouse unha Unidade de Aforro Eléctrico Local, onde se especificaba que era necesario contar cun enxeñeiro técnico industrial e un licenciado en dereito.

### Maio de 2013

Visita a diversos concellos para recopilar os datos necesarios relativos a facturación e puntos de subministro de cada concello, co fin de auditar se os consumos e a facturación son correctos.

Comunicación a EON reiterándolles que se poñan en contacto cos concellos e solicitándolles os datos relativos a facturación en folla de cálculo co fin de poder analízalos.

### Xuño de 2013

O día 18 de xuño de 2013 técnicos da Fegamp, reúnen no Inega para revisar a documentación (facturas) que aportaron as eléctricas. Indicámos que os datos aportados polas comercializadoras son insuficientes para ser analizados na correspondente aplicación.

### Xullo de 2013

Para a contratación do persoal co perfil requirido, y que non supuxese relación laboral, contractual o de calquera outro tipo cos profesionais que fosen a desenvolver as actividades previstas, decidiuse firmar un convenio coa Empresa de Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A. (TRAGSATEC), filial de la empresa Transformación Agraria, S.A (TRAGSA).

O día 4 de xullo de 2013, mantivemos contactos cos responsables en Galicia de Tragsa.

### Outubro de 2013

A derradeira comunicación para interesarnos por la firma del convenio foi o día 1 de outubro de 2013, e nela informámos que o convenio estaba a punto de asinarse, a pesar de que o prazo fixado na cláusula segunda de convenio tiña vixencia ata o día 8 de outubro de 2013.

### Novembro de 2013

O día 13 de novembro de 2013 remíteselle ao responsable de Gas Natural Fenosa, unha última petición do Concello de Bergondo sobre un problema de facturación pendente.

### Abril de 2014

O mércores, día 2 de abril de 2014, o Director da Zona Norte de Ventas e Operacións, confirmámos que se reintegrou a todos os concellos que solicitaron na Fegamp a devolución do importe correspondente a Enerxía Reactiva do último ano.

No caso concreto de GNF, aportamos a seguinte Información relevante sobre a evolución do Canal de Comunicación exclusivo que se deseñou e comunicou a todos os concellos, derivado das reunións que puídemos manter o ano pasado.

- Comezamos a censar casos na semana 10, do pasado ano 2013.
- Empregaron o Canal exclusivo de comunicación 85 Concellos.
- Recibíronse por este Canal, ao longo do 2013, una media de 13,2 cartas por semana.
- Recibíronse 860 peticións, están xestionadas 819, é dicir, un 95 %.

## INFORMACIÓN DE LA FEGAMP: RESUMEN DE EVOLUCIÓN 2013

**SITUACIÓN DE PARTIDA**


**93**

**CONCELLOS**

2013 Criterio datos acumulados

SEMANA	2013																																			
	S.10	S.11	S.12	S.13	S.14	S.15	S.16	S.17	S.18	S.19	S.20	S.21	S.22	S.24	S.25	S.26	S.27	S.28	S.29	S.32	S.33	S.36	S.38	S.39	S.40	S.41	S.42	S.43	S.44	S.45	S.46	S.48	S.50	S.51	S.52	S.53
No han contestado	40	38	35	34	34	31	31	27	26	24	24	23	23	19	19	19	19	18	18	16	15	15	15	14	13	13	12	12	11	11	11	11	11	11	11	10
Si han contestado	53	55	58	59	59	62	62	66	67	69	69	70	70	74	74	74	75	75	77	78	78	78	79	80	80	81	81	82	82	82	82	82	82	82	82	83
Cartas recibidas	158	175	185	188	188	223	232	250	257	270	281	291	292	318	330	339	356	365	374	398	404	434	452	469	481	503	514	527	537	545	556	593	629	639	653	658
Cartas gestionadas	84	85	101	106	110	128	148	173	177	193	207	212	221	234	242	242	259	261	275	297	307	344	360	380	393	416	425	454	476	493	501	538	568	588	603	614
Cartas pendientes	74	90	84	82	78	95	84	77	80	77	74	79	71	84	88	92	97	99	99	101	97	90	92	89	88	87	89	73	61	52	55	55	61	51	50	44
Entradas semana	20	14	10	3	SD	35	9	16	7	11	11	10	1	16	12	9	8	8	9	6	6	26	18	17	8	16	8	10	7	7	11	12	72	10	14	5

### FEGAMP 2013: Evolución de reclamaciones resueltas y pendientes (acumulado)



## INFORMACIÓN DE LA FEGAMP: RESUMEN EVOLUCIÓN 2013-2014

**SITUACIÓN DE PARTIDA**

**93**

**CONCELLOS**


2014 Datos acumulados desde semana 10 de 2013

SEMANA	2014														
	S.1	S.2	S.3	S.4	S.6	S.8	S.9	S.10	S.11	S.12	S.13	S.14	S.15	...	
No han contestado	10	10	10	10	9	10	9	9	9	8	8	8	8	8	
Si han contestado	83	83	83	83	84	84	84	84	84	85	85	85	85	85	
Cartas recibidas	659	665	679	695	745	777	799	811	817	832	839	847	860	860	
Cartas gestionadas (cerradas)	619	628	640	655	697	721	750	760	772	780	796	806	819	819	
Cartas pendientes (abiertas)	40	37	39	40	48	56	49	51	45	52	43	41	41	41	

### FEGAMP 2014: Evolución de reclamaciones resueltas y pendientes (desde semana 10 de 2013)



Ademais do dato numérico que sobre a xestión de peticións se recibiran, indicar a tipoloxía da petición.



Nestes intres estamos xa ultimando a prestación dun servizo multidisciplinar, conscientes de que o estudo das incidencias habidas entre os Concellos e as empresas eléctricas precisa dunha Auditoría Enerxética, un Estudo Xurídico que determine cales son as actuacións que poden acometer tales concellos, á vista dos resultados que ofrezca a auditoría, de conformidade

coa lexislación sectorial en materia enerxética, presentando, no seu caso, un asesoramento personalizado a cada entidade para a consecución dos fins que se perseguen, entre os que, destacamos o aforro enerxético local, estimando, de utilidade práctica a creación dunha aplicación informática que permita aos Concellos controlar o gasto en enerxía eléctrica.

# CUSTO OPTIMO

Un modo axeitado de medir a eficiencia dos servizos

**Trala aprobación da reforma local, un dos aspectos claves que marcarán o desenvolvemento futuro desta normativa, e máis se cabe no caso dos concellos galegos, é sen lugar a dúbidas o concepto do custo dos servizos públicos que prestan as entidades locais. Previamente definido como custo estándar, posteriormente reconvertido en custo efectivo dos servizos, e a expensas do desenvolvemento dos criterios que o determinarán, é evidente que vai ser decisiva a especificación desta variable, que actualmente xera moitas dúbidas polos antecedentes que expoñeremos neste artigo, e as nefastas consecuencias que se poden derivar dunha definición incorrecta.**

Entendemos que unha lei debe estar sustentada nun bo diagnóstico previo, que no seu desenvolvemento daría lugar a maiores posibilidades para acadar solucións acertadas. Pola contra, se partimos dun mal diagnóstico, dificilmente podemos atopar solucións efectivas e racionais. Neste caso, o diagnóstico económico inicial parte dun estudo absolutamente erróneo, tanto nos seus principios como nas conclusións obtidas, chegando a un cálculo final de aforo potencial que só pode ser cualificado como surrealista.

En definitiva, o estudo realizado amosaba un profundo descoñecemento do que é un servizo público, un absoluto descoñecemento do que significan os principios de eficiencia, eficacia, proximidade, flexibilidade e descentralización e, en definitiva, un total descoñecemento do que é un concello.

O informe, que tiña por obxecto determinar o custo estándar teoricamente eficiente, entre outras cuestións, parte dun orzamento absolutamente inadecuado, pola incidencia do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local (liquidación dos orzamentos dos concellos correspondente ao ano 2010); só tivo en conta, ademais da poboación, un único criterio moi cuestionable para determinar ese custo estándar (densidade) e en ningún caso valora a heteroxénea capacidade económica de cada un dos concellos. Como consecuencia destas premisas, algúns das conclusións prácticas que podemos extraer son as seguintes:

- Resultado disto, e segundo o estudio, o custo estándar dos servizos dun concello de 5.000 habitantes, 50 km<sup>2</sup> e con 2 entidades singulares de poboación debería ser igual a aquel que tivera os mesmos habitantes e Km<sup>2</sup>, pero con 100 entidades de poboación.
- Resultado disto, un concello que tivera 15.000 Habitantes, pero que en certas épocas do ano alcanza os 60.000 (definido polo INE como taxa vinculada), debería ter tamén o mesmo custo estándar que un concello que contara con 15.000 habitantes sen variacións significativas durante o ano.
- Resultado disto, os concellos que tiveran una maior capacidade económica a través dos seus ingresos propios (en Galicia contamos con algúns exemplos) serían penalizados.
- Resultado disto, os principios básicos que inspiran á Lei son obviados. A calidade da xestión de cada servizo é absolutamente indiferente. Non había un só criterio de medición de eficiencia y eficacia. Non existía un só criterio que compare custos con resultados. Non se valoraba en ningún caso os máis que posibles efectos negativos derivados de “centralizar” noutro nivel administrativo certos servizos básicos actualmente prestados polos concellos.
- Resultado disto, e como dato práctico que resulta deste estudo en clave galega, existirían 1.757 concellos menores de 20.000 Habitantes no Estado que terían unha densidade inferior a 5,29 habitantes, e que segundo o estudio poderían ter un maior custo estándar en base ao criterio utilizado. Destes concellos, tan só 5 serían galegos. Pola contra, o teórico custo estándar eficiente de 128 dos 293 concellos galegos menores de 20.000 Habitantes, que contan cunha densidade superior a 43,29 habitantes, debería ser incluso menor que o custo estándar medio. Estes concellos suman máis de 10.000 entidades singulares de poboación. Isto só pode ser cualificado como un despropósito.

- Resultado disto, o estudo chega a unha conclusión errónea, e que xa temos acreditado no caso galego: As economías de escala que se logran cando o servizo é prestando por outra administración de nivel superior sempre xeran aforros. Pola experiencia que temos en Galicia, podemos afirmar e demostrar que esta afirmación non é certa. Sen entrar a valorar a máis que segura perda de eficiencia na prestación do servizo, en moitos casos resultaría ademais máis custoso en termos exclusivamente económicos.

A conclusión xeral que se pode extraer é que, unha vez analizado este estudo, se aplicamos os preceptos contidos nel en relación a ese “suposto aforro potencial” en Galicia, a reforma resultaría moi cara en todos e cada un dos aspectos.

.....  
16

Este concepto foi tamén amplamente cuestionado mesmo polo Consello do Estado, que apuntou no seu informe a necesidade de fixar factores de ponderación no custo estándar. No seu dictame, o Consello cuestionaba que *“este custo sexa único para todos os concellos, pola heteroxeneidade que caracteriza á realidade municipal”*, polo que aconsellaba *“introducir factores de corrección, que haberían de atender a diversas variables, como poderían ser a orografía, o clima ou a estrutura social e económica do concello, e non só ao seu tamaño e a densidade de poboación”*.

## O CUSTO EFECTIVO DOS SERVIZOS: UN CONCEPTO QUE TAMÉN XERA MOITAS DÚBIDAS

Finalmente, o custo estándar foi reconvertido na redacción final da Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local nun novo concepto: O custo efectivo dos servizos.

A expensas da Orde Ministerial que desenvolverá os criterios deste novo concepto, as entidades locais terán que calcular antes do 1 de novembro de cada ano o custo efectivo dos servizos que presten, partindo dos datos contidos na liquidación do seu orzamento, tendo en conta os custos directos e indirectos dos datos de execución e gastos contemplados no mesmo.

O Goberno, a tal efecto, e para poder contar cunha información máis precisa e detallada do custo de cada un dos servizos que prestan as entidades locais, aprobou a modificación da estrutura dos orzamentos das entidades locais, mediante a Orde HAP 419/2014, de 14 de marzo. Esta disposición, na que apreciamos algunhas importantes lagoas respecto á regulación anterior nalgúns aspectos, resultará de aplicación en canto a súa elaboración, execución e liquidación, aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2015 e seguintes.

Non podemos facer unha valoración precisa dos efectos derivados desta nova regulación en relación ao custo efectivo dos servizos, dado que aínda non se coñecen con exactitude os criterios pero, en principio, podemos advertir que o disposto na Lei volve a xerar moitas dúbidas, dado que novamente semella supeditarse exclusivamente ao contemplado nos orzamentos, sen valorar circunstancias específicas, que son as que directamente dan como resultado as cifras.

## ¿E POR QUÉ NON UN CUSTO ÓPTIMO? —

O erro conceptual é partir no orixe dunha situación inicial orzamentaria xa desequilibrada entre os diferentes concellos. A metodoloxía de cálculo de custos utilizada ata o de agora consolidaría esta situación, e establecería unha permanente desigualdade entre cidadáns en función do territorio onde residan, polo que o escenario resultante precisamente sería contrario aos principios básicos establecidos na propia Lei.

## UN ESTUDO REALIZADO POLA FEGAMP ESTIMA QUE OS GASTOS DE MANTENIMENTO DOS CENTROS DE SAÚDE ACTUALMENTE A CARGO DOS CONCELLOS ASCENDEN A UN TOTAL DE 5,5 MILLÓNS DE EUROS

A disposición Transitoria Primeira da Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local contempla que as Comunidades Autónomas terán que asumir a titularidade das competencias relativas á participación na xestión da atención primaria da saúde no prazo de cinco anos de forma progresiva (un vinte por cento anual).

Neste ámbito, cabe lembrar que no caso galego xa está establecido un procedemento, que ten a súa orixe no acordo de desenvolvemento do Pacto Local de Galicia do ano 2006, e que en materia de asunción dos custos de mantemento dos Centros de Saúde desenvolveuse a través do Convenio asinado entre a FEGAMP e a Consellería de Sanidade en decembro do ano 2008 no que se establecen as condicións para facer efectiva a asunción destes gastos.

A tal efecto, a FEGAMP vén de realizar un estudo para facer unha valoración previa dos gastos de mantemento que na actualidade están asumindo os concellos galegos, estimando que o custo ascende a un total de **5,5 Millóns de Euros**, correspondentes a preto de 300 Centros de Saúde e Consultorios de titularidade municipal.

Os custos corresponden en practicamente todos os casos a combustible, electricidade, limpeza e mantemento e conservación, aínda que tamén se imputan gastos de persoal nalgúns Centros de Saúde. Os gastos asumidos por cada concello son variables en función do número de Centros e Consultorios e as características de cada un deles, e nos que ten unha importante influencia o feito de que algunha das dependencias conta tamén cun Punto de Atención Continuada.

Por último, hai que apuntar que nos últimos anos xa se produciu o traspaso dos custos de mantemento duns 50 Centros de Saúde a través do procedemento anteriormente mencionado, polo que un 20% dos concellos galegos xa non teñen gastos na actualidade nesta materia.

## O PASADO MES DE FEBREIRO APROBOUSE A NORMA QUE DEFINE O CONCEPTO DE INVERSIÓN FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE

O pasado día 22 de febreiro de 2014 publicouse no BOE a norma que define o que se entende como “inversión financeiramente sostible”, en desenvolvemento do disposto na nova Disposición Adicional Sexta da *“Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira”*, introducida a través da *“Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público”*, onde se fixan as regras especiais para o destino do superávit orzamentario por parte das entidades locais.

Curiosamente, a regulación no que se inclúe o concepto de inversión financeiramente sostible está integrada nunha disposición do *"Real Decreto-Lei 2/2014, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica"*.

Nesta discutible norma, quedan excluídos os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos e aqueles que se refiren á adquisición de mobiliario, aparellos e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte.

O gasto que se realice deberá ser imputado ao capítulo seis do orzamento de gastos do concello, aínda que de forma excepcional poderán incluírse tamén indemnizacións ou compensacións por rescisión de relacións contractuais, imputables noutros capítulos do orzamento da Corporación Local, sempre que estas teñan carácter complementario e se deriven directamente de actuacións de reorganización de medios ou procesos asociados ao investimento acometido.

Así mesmo, o investimento debe permitir durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e débeda pública por parte da Corporación Local. Por elo, terá que valorarse o gasto de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que xere o mesmo durante a súa vida útil.

Nesta norma tamén se regulan situacións específicas que requiren autorización, os prazos para a execución dos investimentos e diversos procedementos a seguir polas entidades locais.

### Grupos de programas nos que se pode realizar o investimento

- 161. Saneamento, abastecemento e distribución de augas
- 162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos
- 165. Alumeado público
- 172. Protección e mellora do medio ambiente
- 412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
- 422. Industria
- 425. Enerxía
- 431. Comercio
- 432. Ordenación e promoción turística
- 441. Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte
- 442. Infraestruturas do transporte
- 452. Recursos hidráulicos
- 463. Investigación científica, técnica e aplicada
- 491. Sociedade da información
- 492. Xestión do coñecemento

### O investimento poderá ter reflexo presupostario nalgún dos grupos de programas seguintes:

- 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento
- 155. Vías públicas
- 171. Parques e xardíns
- 336. Protección do Patrimonio Histórico-Artístico
- 453. Estradas
- 454. Camiños veciñais



Por elo, e para o cumprimento deses principios básicos de descentralización, proximidade, eficacia y eficiencia, que deben vir unidos ao cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, tal e como dispón a propia Lei, cremos necesario utilizar criterios xerais que afectan á prestación dos servizos, criterios específicos propios de cada un dos servizos, e os necesarios indicadores que midan a calidade na xestión e prestación dos mesmos, criterios todos eles que despois poderían servir tamén para establecer un financiamento adecuado e igualitario entre os distintos concellos en función dos diferentes custos resultantes, en base ás especificidades de cada concello e de cada servizo.

### Criterios xerais

Serían os criterios que afectan de forma xenérica á prestación de todos os servizos, independentemente da súa natureza. Permitiría acadar un equilibrio global entre todos os concellos do estado na definición dun custo por habitante diferente en cada caso.

Para elo, e como exemplos prácticos e obxectivos, faise un estudo dos criterios de reparto que se utilizan nos Fondos de Cooperación Local de diferentes Comunidades Autónomas.

Ao carón do criterio principal, a poboación, o seguinte criterio máis utilizado é a dispersión, que introducido pola práctica totalidade das Comunidades, defínese como o número de entidades singulares de poboación de cada termo municipal. Tamén, aínda que en menor medida, é amplamente utilizado o criterio de superficie, cuantificado polo número de Quilómetros cadrados de cada concello.

En menor medida, outros criterios utilizados son o envellecemento da poboación, a orografía e criterios máis específicos, singulares de cada Comunidade. Crems tamén interesante o criterio que o INE define como poboación vinculada, que ten en conta as variacións poboacionais que se producen durante o ano nos distintos concellos respecto ao seu censo inicial.

### Criterios específicos

Unha vez establecidos os criterios que permitan establecer un custo marco diferenciado para cada concello en función de factores xerais que afectan á prestación dos servizos, é necesario establecer criterios específicos o máis precisos posibles para cada un dos servizos que veñen sendo prestados polos concellos.

Isto é un proceso máis complexo, dado que esixe realizar un estudo singular de cada un dos ámbitos de actuación nos que as entidades locais exercen competencias na actualidade. En todo caso, e a día de hoxe, podemos ter información moi detallada a partir dos datos dispoñibles dos propios concellos, Deputacións e Comunidades Autónomas, así como doutros Organismos.

### Criterios de medición da calidade dos servizos municipais mediante indicadores de xestión

Poñer en valor os servizos públicos, isto debe ser un reto básico que todas as administracións deben ter en conta na delimitación de cal é o nivel adecuado para a prestación de cada un deles. E poñer en valor significa analizar diversos factores de cada servizo que vaian máis aló do aspecto orzamentario, aplicando técnicas de medición, avaliación e mellora continua, có obxectivo de lograr unha optimización do custo en termos de eficiencia e eficacia real.

A análise mediante indicadores de xestión é un exemplo que xa tivo a súa experiencia en Galicia en materia de Policía Local. Este traballo vén sendo realizado dende o ano 2001 pola Deputación de Barcelona, que actualmente o aplica a 15 servizos municipais, e que colaborou coa FEGAMP, Xunta de Galicia e Universidade de Vigo na iniciativa desenvolvida na nosa Comunidade.

A análise de cada servizo realizase tendo en conta catro dimensións:

- Indicadores relacionados coa consecución dos obxectivos finais do servizo así como a calidade do mesmo.
- Indicadores relacionados co uso que fan os usuarios do servizo e a satisfacción do mesmo.
- Indicadores relacionados co modelo organizativo e de xestión.
- Indicadores dos recursos necesarios, custos asociados e fontes de financiamento.

Nos últimos días o Goberno do Estado fixo públicas as cifras de déficit correspondentes ao ano 2013 das distintas administracións. Nelas podemos observar que as entidades locais non só cumpriron a cifra

marcada polo Estado, senón que ademais obtiveron un superávit do 0,41%, có que se converteron no elemento clave para que o conxunto do Estado puidera lograr o obxectivo global fixado. Conforme a estes datos, o interesado e irreal debate introducido en canto a que o principio de subsidiariedade é contrario ao principio de sostibilidade financeira quedou en absoluta evidencia.

A reforma é necesaria, pero o máis importante é que sexa boa. Estas cifras dotan ás entidades locais da suficiente credibilidade para que se poidan facer os axustes precisos que permitan unha valoración óptima e global do marco competencial e a definición da administración máis axeitada para prestar cada servizo, e que en moitos casos será con certeza aquela que está máis achegada aos cidadáns: os concellos.

## NUEVA CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO

### Área de Gasto 1. Servicios Públicos Básicos Política de gasto 13. Seguridad y movilidad ciudadana

- 130. Administración general de la seguridad y protección civil
- 132. Seguridad y Orden Público
- 133. Ordenación del tráfico y del estacionamiento.
- 134. Movilidad urbana
- 135. Protección civil
- 136. Servicio de prevención y extinción de incendios
- Política de gasto 15. Vivienda y urbanismo**
- 150. Administración General de Vivienda y Urbanismo.
- 151. Urbanismo: planeamiento, gestión, ejecución y disciplina urbanística
- 152. Vivienda
  - 1521. Promoción y gestión de vivienda de protección pública
  - 1522. Conservación y rehabilitación de la edificación
- 153. Vías públicas
  - 1531. Acceso a los núcleos de población
  - 1532. Pavimentación de vías públicas

### Política de gasto 16. Bienestar comunitario

- 160. Alcantarillado
- 161. Abastecimiento domiciliario de agua potable
- 162. Recogida, gestión y tratamiento de residuos
  - 1621. Recogida de residuos
  - 1622. Gestión de residuos sólidos urbanos
  - 1623. Tratamiento de residuos
- 163. Limpieza viaria
- 164. Cementerios y servicios funerarios
- 165. Alumbrado público

### Política de gasto 17. Medio ambiente

- 170. Administración general del medio ambiente
- 171. Parques y jardines
- 172. Protección y mejora del medio ambiente
  - 1721. Protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas

### Área de Gasto 2. Actuaciones de protección y promoción social

#### Política de gasto 21. Pensiones

- 211. Pensiones

#### Política de gasto 22. Otras prestaciones económicas a favor de empleados

- 221. Otras prestaciones económicas a favor de empleados

#### Política de gasto 23. Servicios sociales y promoción social

- 231. Asistencia social primaria

#### Política de gasto 24. Fomento del empleo

- 241. Fomento del empleo

### Área de Gasto 3. Producción de bienes públicos de carácter preferente

#### Política de gasto 31. Sanidad

- 311. Protección de la salubridad pública

- 312. Hospitales, servicios asistenciales y centros de salud

#### Política de gasto 32. Educación

- 320. Administración general de educación
- 321. Creación de Centros docentes de enseñanza infantil y primaria
- 322. Creación de Centros docentes de enseñanza secundaria
- 323. Funcionamiento de centros docentes de enseñanza infantil y primaria y educación especial
- 324. Funcionamiento de centros docentes de enseñanza secundaria
- 325. Vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria
- 326. Servicios complementarios de educación
- 327. Fomento de la convivencia ciudadana
- Política de gasto 33. Cultura**
- 330. Administración general de cultura
- 332. Bibliotecas y Archivos
  - 3321. Bibliotecas públicas
  - 3322. Archivos
- 333. Equipamientos culturales y museos
- 334. Promoción cultural
- 336. Protección y gestión del Patrimonio Histórico-Artístico
- 337. Instalaciones de ocupación del tiempo libre
- 338. Fiestas populares y festejos
- Política de gasto 34. Deporte**
- 340. Administración general de deportes
- 341. Promoción y fomento del deporte
- 342. Instalaciones deportivas

### Área de Gasto 4. Actuaciones de carácter económico

#### Política de gasto 41. Agricultura, ganadería y pesca

- 410. Administración general de agricultura, ganadería y pesca
- 412. Mejoras de las estructuras agropecuarias y de los sistemas productivos
- 414. Desarrollo rural
- 415. Protección y desarrollo de los recursos pesqueros
- 419. Otras actuaciones en agricultura, ganadería y pesca

#### Política de gasto 42. Industria y energía

- 420. Administración general de industria y energía
- 422. Industria
- 423. Minería
- 425. Energía

#### Política de gasto 43. Comercio, turismo y pequeñas y medianas empresas

- 430. Administración General de Comercio, turismo y pequeñas y medianas empresas
- 431. Comercio
  - 4311. Ferias
  - 4312. Mercados, abastos y lonjas
- 4313. Comercio ambulante

- 432. Información y promoción turística
- 433. Desarrollo empresarial
- 439. Otras actuaciones sectoriales

#### Política de gasto 44. Transporte público

- 440. Administración general del transporte
- 441. Transporte de viajeros
  - 4411. Transporte colectivo urbano de viajeros
  - 4412. Otro transporte de viajeros
- 442. Infraestructuras del transporte
- 443. Transporte de mercancías

#### Política de gasto 45. Infraestructuras

- 450. Administración general de infraestructuras
- 452. Recursos hidráulicos
- 453. Carreteras
- 454. Caminos vecinales
- 459. Otras infraestructuras

#### Política de gasto 46. Investigación, desarrollo e innovación

- 462. Investigación y estudios relacionados con los servicios públicos
- 463. Investigación científica, técnica y aplicada
- Política de gasto 49. Otras actuaciones de carácter económico**
- 491. Sociedad de la información
- 492. Gestión del conocimiento
- 493. Protección de consumidores y usuarios

### Área de Gasto 9. Actuaciones de carácter general

#### Política de gasto 91. Órganos de gobierno

- 912. Órganos de gobierno

#### Política de gasto 92. Servicios de carácter general

- 920. Administración General
- 922. Coordinación y organización institucional de las entidades locales.
- 923. Información básica y estadística
  - 9231. Gestión del Padrón Municipal de Habitantes
- 924. Participación ciudadana
- 925. Atención a los ciudadanos
- 926. Comunicaciones internas
- 929. Imprevistos y funciones no clasificadas

#### Política de gasto 93. Administración financiera y tributaria

- 931. Política económica y fiscal
- 932. Gestión del sistema tributario
- 933. Gestión del patrimonio
- 934. Gestión de la deuda y de la tesorería

#### Política de gasto 94. Transferencias a otras Administraciones Públicas

- 941. Transferencias a Comunidades Autónomas
- 942. Transferencias a entidades locales territoriales
- 943. Transferencias a otras entidades locales
- 944. Transferencias a la Administración General del Estado

### Área de Gasto 0. Deuda Pública

- 011. Deuda Pública



# Orzamento 2014

## A Fegamp aproba as contas máis austeras da última década

O máximo órgano de goberno da Fegamp entre asambleas acaba un acordo para constituír unha mesa de traballo coa Xunta que aborde o novo mapa de residuos de Galicia.

O Consello Federal da Fegamp aprobou por unanimidade o pasado 23 de abril o Orzamento da Federación para o ano 2014, que ascenderá a 1,13 millóns de euros, unha contía un 3,27% inferior á do exercicio anterior. Trátase do orzamento máis austero da Fegamp no últimos dez anos, unha redución “en sintonía coa que están a facer a inmensa maioría dos concellos galegos nas súas propias contas”, segundo puxo de manifesto o presidente e alcalde de Ferrol, José Manuel Rey. Só desde que Rey Varela é presidente, o axuste orzamentario da Fegamp é de máis dun 21%. Todo iso, grazas a un esforzo de contención do gasto a través da conxelación das retribucións do cadro de persoal, cargos directivos pero tamén do capítulo de ingresos, mantendo sen variacións o canon que abonan á Federación os concellos asociados.

Durante a súa intervención ante os alcaldes integrantes do Consello Federal, José Manuel Rey quixo pór en valor a actuación da Fegamp no proceso de reforma da Lei de Bases de Réxime Local. “Actuamos con exemplo e responsabilidade”, apuntou, “exemplo porque todos os alcaldes soubemos unirnos en contra dunha norma que non atendía ás singularidades de Galicia, e responsabilidade porque antepuxemos a defensa dos nosos veciños a criterios partidarios”.

Rey Varela insistiu na importancia de que o municipalismo se manteña unido á hora de defender as súas reivindicacións, “porque aí radica a súa forza”. Así, confirmou que os malos presaxios acerca das consecuencias negativas da reforma

local “están a confirmarse día a día”. Neste sentido, valorou positivamente o proxecto de Lei de Medidas Urxentes que onte entrou no Parlamento como unha ferramenta para dar “solucións inmediatas” á difícil conxuntura en que se están atopando moitos alcaldes e alcaldesas pola reforma local para a prestación de servizos.

“Sabemos que non é unha solución definitiva”, matizou, “pero é un balón de osíxeno para manter a nosa carteira de servizos, e especialmente os de carácter social”. Non entanto, mantivo vixente a necesidade de que “a medio prazo abordemos unha nova lei galega de administración local e, sobre todo, un novo financiamento municipal”. “Os concellos non temos un problema competencial”, reiterou, “senón de financiamento”.

### Sogama

Tanto a Comisión Executiva como o Consello Federal abordaron a situación derivada da subida do canon de Sogama, que afecta a 296 concellos e que comezou a aplicarse no recibo deste mes. A Executiva rexeitou, cos votos dos alcaldes do PP, a celebración dunha Asemblea de carácter extraordinario para tratar este asunto.

Pola contra, si se alcanzou un acordo unánime para constituír, conxuntamente coa Xunta, unha mesa de traballo na que estudar o futuro mapa de residuos de Galicia. Igualmente, acordouse encargar de maneira externa un ditame xurídico independente que avalíe as posibles vías de solución á subida exposta por Sogama.



# PACTO LOCAL DA AUGA

Ferramenta de coordinación, eficacia e transparencia

O pasado mes de novembro, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas Agustín Hernández e o presidente da FEGAMP, José Manuel Rey Varela, asinaron o protocolo para do Desenvolvemento do Pacto Local da Auga, a través do cal se pretende acadar unha xestión sostible do ciclo urbán da auga en Galicia, acorde coa Directiva Marco da Auga e máis homoxénea, partindo do coñecemento e a análise das distintas realidades municipais na prestación dos servizos de saneamento e abastecemento.

O marco normativo regulador do ciclo da auga experimentou cambios relevantes logo da entrada en vigor da Directiva Europea 2000/60/CE Marco da Agua e a súa correspondente transposición á normativa estatal e autonómica. Isto, unido a necesidade de elaborar estratexias de xestión dende unha perspectiva global para acadar os obxectivos fixados na normativa, xestaron unha ferramenta de coordinación interadministrativa, de eficacia e transparencia na xestión en materia de auga: o Pacto Local da Auga.

O Pacto Local da Auga artículase sobre o **principio de legalidade**, respectando o marco legal existente; sobre o **principio de lealdade institucional**, polo que se respecta o exercicio lexítimo das competencias de cada unha das administracións pública implicadas; sobre o **principio de auxilio recíproco**, segundo o cal se facilitará o fluxo de información entre administracións e se prestará asistencia activa e cooperativa para o exercicio eficaz das competencias que lles foran propias; sobre o **principio de interese básico**, respectando o principio de autonomía das distintas administracións; e, por último, sobre o **principio de eficacia e transparencia na xestión da auga**, garantindo a correspondencia entre a prestación dun servizo de calidade e o esforzo cidadán na recuperación de custos.

Así pois, e atendendo aos principios anteriores, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a FEGAMP

acordaron a implementación de varias medidas e actuacións para impulsar a cooperación entre administracións e acadar o obxectivo primario e fundamental do Pacto de mellorar a xestión do ciclo urbano da auga.

Entre as medidas acordadas, cabe destacar as seguintes:

- 1. Fomento da coordinación da información**, que se implementará a través do establecemento dunha base SIX na que se manteña a información actualizada a través de Augas de Galicia e o EIEL das Deputacións Provinciais, entre outras actuacións.
- 2. Perfeccionamento da política de comunicación dos criterios de financiamento autonómico de infraestruturas**, que se implementará á través da determinación de criterios de prioridade de investimento e de cofinanciamento por parte das entidades locais, entre outras actuacións.
- 3. Harmonización da prestación de servizos**, que se implementará a través da definición dunhas condicións mínimas para a prestación dos servizos de saneamento, depuración e abastecemento, as cales se incorporarán ao correspondente Regulamento Marco do Servizo.
- 4. Aseguramento da sostibilidade financeira do ciclo urbano da auga**, que se implementará a través do establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia, a homoxeneización dos períodos de facturación, a adaptación de tarifas para repercutir custos de amortización e a afectación da recadación do recibo da auga á prestación de servizos ou construción de infraestruturas relacionadas co ciclo da auga, entre outras actuacións.
- 5. Potenciación da xestión supramunicipal**, que se implementará a través da regulación a través de Augas de Galicia dos prezos de abastecemento de auga en alta, a

regularización dos contratos de cesión de dereitos da auga e a aprobación de modelos de estatutos e ordenanzas para o entes supramunicipais de xestión da auga, entre outras actuacións.

**6. Incremento da transparencia na xestión do ciclo urbano da auga**, que se desenvolverá a través da obriga de realizar auditoría técnica e financeira dos servizos do ciclo urbano da auga, o establecemento de obxetivos de mellora de xestión e incentivos para a súa consecución e a comunicación coa sociedade civil a través do Consello para o Uso Sustentable da Auga, entre outras actuacións.

**7. Mellora na coordinación con comunidades de usuarios**, que se implementará a través da asunción de responsabilidades no control da calidade da auga por parte das comunidades de usuarios, a promoción de acordos entre subministradores públicos de auga e as comunidades de usuarios para a mútua cesión do recurso en momentos de necesidade e a consecución do acordo concello-comunidade de usuarios para o informe favorable ao organismo de bacía para a continuidade das concesións ás comunidades de usuarios.

**8. Mellora nos servizos da Administración Hidráulica de Galicia**, que se desenvolverá a través do establecemento dun procedemento áxil para a autorización das limpezas dos ríos e a redacción do Plan de Saneamento de Galicia, de xeito que se entendan autorizados os vertidos previstos nel e que cumpran as determinacións especificadas no Plan.

Atendendo aos principios rectores do Pacto Local da Auga e ás medidas que establecidas para o seu desenvolvemento, os pasados días 5 e 6 de marzo, a Cidade da Cultura acolleu as **xornadas técnicas “Bases da xestión do ciclo urbano da auga”**, un encontro que marcou o inicio dos traballos do Pacto Local para a xestión do ciclo urbano da auga, no que participan a

Xunta de Galicia e a FEGAMP. Nestas xornadas, da man de técnicos de Augas de Galicia e da Confederación Hidrográfica do Miño Sil, xestores de distintas empresas municipais e expertos na materia, realizouse un repaso da normativa aplicable á xestión dos servizos do ciclo urbano da auga e dos últimos cambios normativos que se teñen producido. Ademais, debatíronse experiencias e distintos modelos de xestión municipal e supramunicipal, expuxéronse iniciativas de regulación e abordáronse distintas cuestións e retos a asumir no futuro dende as distintas administracións.

A cita foi un punto de encontro para o persoal das distintas administracións e os profesionais do sector, no que se puideron achegar coñecementos prácticos e intercambiar activamente experiencias e opinións.

Por outra banda, está en marcha un proceso de recollida de información e análise das deficiencias dos sistemas de saneamento e abastecemento dos concellos galegos a través dunha completa **enquisa** de corte técnico, a fin de coñecer de xeito exhaustivo as distintas realidades municipais respecto do modo de xestións, infraestruturas e o seu funcionamento e réxime tarifario vinculados á xestión da auga.

Dende a FEGAMP, válórase a sinatura Pacto Local da Auga como unha gran oportunidade que non se pode deixar pasar para seguir construíndo unha mellor Galicia dende os concellos e a cooperación entre as administracións.

É evidente que a cooperación e a coordinación son fundamentais para identificar as ineficiencias, corrixilas e acadar mellores servizos a un custo máis moderado. Exemplo disto son o Consorcio da auga de O Louro e o Consorcio de depuración de Valdeorras, dúas experiencias pioneiras de xestión supramunicipal da auga impulsadas dende Augas de Galicia que amosan o camiño a seguir en Galicia a fin de acadar no só a máxima calidade dos servizos de saneamento e abastecemento senón tamén a equiparación dos custos da prestación destes servizos coa eficiencia da súa xestión.

## 0 compromiso de ViAQUA

### Un modelo baseado na excelencia e con vocación de satisfacer as expectativas dos cidadáns e das empresas

ViAQUA Xestión Integral de Augas de Galicia é unha empresa galega do sector do medio ambiente que xestiona todos os procesos relacionados co ciclo integral urbano da auga: a captación, a potabilización, o transporte e a distribución para o consumo cidadán con absolutas garantías sanitarias, promovendo proxectos de reutilización da auga para devolvela ao medio natural; así como realizando unha xestión responsable sobre a rede de saneamento, coidando e protexendo o medio ambiente.

O modelo ViAQUA está baseado na excelencia do servizo prestado a todos os seus clientes, tanto fogares como empresas. A nosa auténtica fortaleza fundaméntase na adaptación ás necesidades de todos os clientes sen excepción, na constante innovación

tecnolóxica e na adecuada xestión do coñecemento, así como no uso sustentable de todos os recursos de auga dispoñibles. O compromiso de calidade que en ViAQUA asumimos con todos os fogares, empresas, institucións e administracións galegas, é a forza que nos impulsa a mellorar cada día.

En ViAQUA aseguramos a correcta xestión da auga desde a captación ata que chega a todos os nosos clientes. Velamos e supervisamos polo correcto proceso da auga desde o seu estado natural até os complexos usos sociais aos que está destinada.

A protección dos recursos hídricos, a eficiencia enerxética, a conservación da biodiversidade ou a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro son compromisos adoptados por ViAQUA coa contorna. Respetar os recursos hídricos e xestionalos de modo sustentable é unha forma de protexer o medio ambiente e ás persoas.



ViAQUA é especialista na preservación, a xestión sustentable e a protección dos ecosistemas hídricos que se desenvolven ao redor das masas de augas continentais e costeiras, superficiais e subterráneas.

Entendemos e compartimos a sensibilidade dos diferentes estamentos e institucións locais, provinciais e autonómicas para conseguir unha xestión eficiente dos recursos hídricos. Este é o noso principal obxectivo e para conseguilo, traballamos día a día, investigando e innovando en todos os procesos.

ViAQUA dispón de solucións tecnolóxicas propias para a rede de distribución de auga de consumo humano. A sectorización, o GIS (sistema de información xeográfica), o centro de control operativo, as estacións de control remotas e os contadores electrónicos, entre outras, constitúen unha ampla gama de solucións que aseguran un eficiente rendemento técnico da rede de auga de consumo humano. As vantaxes que ofrece a implantación de mecanismos de control específicos da rede son: a redución de custos, a mellora da xestión, a achega de criterios para a xestión de procura de fugas, a optimización de recursos, e o coñecemento da funcionalidade da rede.

A empresa tamén está a levar a cabo programas para promover o consumo responsable da auga. Ademais, ViAQUA realiza diagnósticos da situación actual e dispón dun programa de simulación para predicir a demanda e, así, poder tomar as medidas necesarias a tempo.

Sabedora da importancia de xestionar eficientemente os procesos que configuran o ciclo comercial, así como o valor estratéxico que debe outorgarse á atención ao cliente, ViAQUA desenvolveu as solucións tecnolóxicas máis avanzadas en sistemas de información, telelectura, atención ao cliente ou a oficina virtual, entre outras ferramentas de xestión.

Estas ferramentas utilizadas por ViAQUA nacen desde un profundo coñecemento do ciclo integral urbano da auga,

o que garante a súa adaptabilidade en calquera contorna.

En cumprimento dos requirimentos da normativa europea polo que se refire á restitución da auga depurada ao medio natural, ViAQUA impulsa e desenvolve proxectos de rexeneración de auga que se converteron en referentes.

A partir dunha análise da calidade da auga de partida e da auga tratada, no que respecta a condicións sanitarias, composición química e réxime de produción, ViAQUA colabora na posta en marcha de solucións de rexeneración das augas coas debidas garantías de subministración, almacenamento e distribución.

As solucións tecnolóxicas en rexeneración de augas van desde os tratamentos de desinfección (mediante cloracións, raios ultravioleta, lagunaxes ou infiltración-percolación, entre outros) aos tratamentos con membranas (ósmosis inversa, electrodiálise reversible ou nanofiltración, entre outros). A reutilización de auga supón unha maneira de facer fronte á crecente demanda de auga e á súa maior escaseza. A sustentabilidade da reutilización depende, en cada caso, do proceso de tratamento adicional necesario para adecuar a calidade da auga ao uso ao que se pretenda destinar.

Asumimos o compromiso de garantir a viabilidade do negocio integrando nos procesos de decisión as preocupacións sociais, ambientais, éticas e laborais, máis aló dos factores estritamente económicos. Esta é a nosa aposta e garantía de perdurabilidade. Somos unha organización responsable como o demostran día a día as accións de protección da contorna, a aposta polas tecnoloxías avanzadas e limpas, o investimento en I+D+i e o compromiso coas comunidades nas que opera a empresa; en definitiva, no diálogo cos nosos grupos de interese. A sustentabilidade é unha tarefa común de corresponsabilidade e é necesario manter un diálogo aberto cos nosos grupos de interese para poder coñecer as súas expectativas e crear valor para todos eles. A nosa vocación é a de satisfacer as expectativas dos cidadáns en Galicia.



# Infórmate a Fondo

NÚMERO 133 1º TRIMESTRE 2014

Autorízase a reprodución e divulgación desta follla informativa

[www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org)

## A OLLADA EXTERNA:

Entrevista con Helena Villar Janeiro

**"A Rosalía máis contextualizada no seu país e no seu tempo ten hoxe valor pleno nun mundo convulso"**

14

## FONDO DE ARMARIO

9

**OS PROXECTOS EN TERREO:**  
Mozambique, El Salvador,  
Cuba

11

Cabo Verde e Galicia  
afianzan a súa relación

2

Renovado o acordo de  
colaboración coa Fegamp

4

Máis alá dos ODM  
#Alén2015

6

Ábrese Vacacións  
con Traballo 2014

10

## Comunicando un valor engadido



A finais do pasado ano presentábase ante a Asemblea do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o Plan de Comunicación que sistematiza os mecanismos comunicativos da entidade, de xeito que poidan ser replicados polas propias administracións socias, amplificando así o seu efecto. O documento presenta as fórmulas de comunicación interna, que van desde as listaxes de correo ata os encontros presenciais, mais fai fincapé na comunicación externa e, sobre todo, online, que pasa pola web, as redes sociais ou os boletíns.

Poñer en valor a achega da cooperación municipalista, e das deputacións e concellos que fan parte dela, á construción dun mundo máis xusto e solidario, é un

dos principais obxectivos de toda esta estratexia comunicativa. Desde a austeridade das cotas mínimas, traballando en rede multiplicamos as capacidades e as accións, de aí que sexa tan importante visibilizar ás entidades socias e o seu traballo dentro da asociación.

Os socios do Fondo Galego dispoñen dunha guía de boas prácticas coas que potenciar este labor de visibilización e difusión. Algo tan sinxelo como incluír o banner da asociación no web municipal ou seguir a entidade nas redes sociais e compartir os seus contidos contribúe a poñer de relevo ese compromiso que, sen dúbida, constitúe un valor engadido para a cidadanía.

As administracións locais e provinciais poden facer súas actividades e os proxectos do Fondo Galego adaptando os modelos de notas de prensa que se lles facilitan, amais de facerse eco destas informacións de interese nos seus propios medios: páxina web, boletíns, Twitter e Facebook, etc. Mesmo poden xestionar a emisión do documental “O Fondo Galego: compromiso coa solidariedade” nas canles de televisión local ou incentivar entrevistas nas emisoras de radio municipais. A cobertura mediática derivada tanto destas accións como das impulsadas desde o gabinete de prensa do propio Fondo Galego recompílanse logo nun pressbook, que se salda con preto de 500 impactos anuais.

Entre as vías identificadas para impulsar a presenza do Fondo Galego en internet destacan as pautas para reforzar o SEO da entidade, é dicir, o seu posicionamento en buscadores web, que se mellorou coa apertura de perfís en LinkedIn e Google+. O boletín trimestral ‘Infórmate a Fondo’ reconverteuse nunha publicación electrónica dispoñible en diferentes plataformas virtuais e o programa de voluntariado internacional Vacacións con Traballo conta cun único blog para centralizar toda a información da iniciativa e as experiencias das técnicas e técnicos participantes. Xa está operativa ademais a subscrición á nova newsletter.

A estratexia de comunicación está directamente relacionada co plan de actividades para 2014 que recolle, por exemplo, os encontros dixitais #Alén2015 para avaliar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio con persoas expertas, ás que a cidadanía pode lanzar as súas preguntas. Entre as novidades que se ofertan para o presente exercicio destacan tamén os obradoiros de fotografía, mentres que se volven reeditar fórmulas de éxito coma o concurso Imaxes con Fondo, os contos da Tropa de Trapo, os ciclos de cine ou as exposicións.

Actividades todas elas das que poden apropiarse as deputacións e concellos socios, así coma dos proxectos que continúan avanzando en Cuba, Mozambique e El Salvador en colaboración con ONGD galegas ou da iniciativa europea Redes para o Desenvolvemento, coa que se fortalecerá as autoridades locais de Portugal, Alemaña e Holanda en accións de educación para a cidadanía global.

A comunicación destas e outras actuacións é clave para potenciar a súa dimensión sensibilizadora e, polo tanto, transformadora, á vez que constitúe un exercicio de transparencia. As deputacións e concellos poden facer da súa pertenza ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade unha máis valía que os identifica coa loita contra a pobreza e as desigualdades, transmitindo mensaxes á cidadanía cun argumentario que vai desde a austeridade das cotas mínimas ata os resultados acadados grazas ao modelo que se vén demostrando eficaz e eficiente desde hai 17 anos.


**Asinado:**

Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade:

**Concellos de Redondela, Vigo, Allariz, A Coruña, Cambre, Viveiro e Oleiros, Deputación de Lugo e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi).**



1



2



3

**Pés de foto.**

1 // Os encontros dixitais #Alén2015 desenvólvense no perfil de Facebook.

2 // A páxina web centraliza a información sobre a cooperación municipalista.

3 // O Fondo Galego segue a dar pasos adiante en cobertura mediática.

> CONCELLOS  
GALEGOS*Publicación da  
Federación Galega  
de Municipios  
e Provincias***ENTREGA DOS PREMIOS COOPERA**

O presidente da Fegamp e alcalde de Ferrol, José Manuel Rei Varela, participou o pasado 5 de febreiro na entrega dos Premios Coopera 2013, concedidos pola Xunta para impulsar a xestión compartida de servizos desde as entidades locais galegas. O acto tivo lugar na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, e contou coa presenza do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

O xurado dos Premios na súa edición 2013 outorgou o primeiro premio, cun importe de 40.000€ á Mancomunidade de Municipios Arousa Norte (Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo) polo seu proxecto "Prestogal Concellos". En segundo lugar, galardounse á Mancomunidade Terra de Celanova (Quintela de Leirado, Vereia, Ramirás, A Merca, Pontedevea, Cartelle, Celanova e Gomesende) con 25.000€ pola iniciativa "Mancomunidade Terra de Celanova Innova".

O Consorcio Local Conca do Lérez (Campo Lameiro, Cerdedo e Cotobade) fixose co terceiro premio, dotado con 12.500€, polo "Proxecto piloto de aforro da iluminación pública, xestión de incidencias e central de compras".

Ademais, concedéronse tres menciones especiais, sen dotación económica. A primeira recaeu na Agrupación de concellos Nogueira de Ramuín e outros (A Teixeira, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo, Esgos, Parada de Sil e Nogueira de Ramuín) polo proxecto "Xuntaespano"; a segunda, para a agrupación dos concellos de Dodro, Padrón e Rois pola "Xestión compartida de servizos Terra de Iria"; e a última ao Consorcio As Mariñas (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada) polo seu "Sistema de valorización de residuos vexetais dos puntos limpos".

Na súa intervención, Rei Varela destacou que "se poidemos resumir esta lexislatura municipal á que apenas lle quedan quince meses, poderíamos facelo coas palabras cooperación e responsabilidade", entendendo cooperación como "pasar de competir entre concellos limítrofes para ver quen prestaba máis servizos ao cidadán naquela época xa afastada de bonanza económica a colaborar entre nós para garantir máis e mellores servizos básicos", e a responsabilidade como "priorizar as nosas inversións para blindar o noso gasto social".


**CURSO USC-FEGAMP**

O pasado 25 de abril celebrouse na Facultade de Dereito un Seminario sobre "as competencias dos poderes locais na Unión Europea á luz do principio de subsidiaridade". Esta actividade enmárcase dentro das distintas accións que este ano levarán a cabo o Centro de Estudos e Documentación Europea (CEDE) da USC e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

O seminario contou coa presenza na inauguración de Juan Casares, Reitor da USC, José Manuel Rey, presidente da Fegamp, Luís Míguez, decano da Facultade de Dereito e Carlos Teijo, director do CEDE. Rey Varela insistiu na importancia de coñecer "o marco comunitario no que nos movemos", non porque "debamos copiar mimeticamente o que fagan no resto de Europa, senón porque do exemplo doutros poderemos extraer ensinanzas aplicables á nosa realidade" para mellorar e seguir desenvolvendo a administración local.

Posteriormente, Jean-Bernard Auby, Titular da Cátedra "Mutations de l'action Publique et du Droit Public" de Sciences Po, París e presidente de honra de l'Association Française de Droit de Collectivités Locales, un auténtico referente do municipalismo europeo, impartiu unha maxistral conferencia sobre "A distribución das competencias entres os distintos niveis de goberno na Unión Europea dende a óptica dos poderes locais: A necesaria ponderación entre o principio de subsidiaridade e o principio de Sostibilidade".

Finalmente tivo lugar unha intensa e construtiva mesa redonda sobre "As competencias dos Entes Locais na Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local que, moderada por Isaac Martín, Profesor de Dereito Administrativo da Universidade de Castela a Mancha e Coordinador da Rede Internacional de Dereito Europeo, contou coa participación de José Manuel Chapela, Director Xeral da Fegamp, Alba Nogueira, Profesora de Dereito Administrativo da USC e María Antonia Arias, Profesora de Dereito Administrativo da Universidade de Vigo.



## FONDO GALEGO E FEGAMP RENOVAN O SEU CONVENIO

A Fegamp e o Fondo Galego de Cooperación e Soliedariedade rubricaron o pasado febreiro a renovación do seu acordo de colaboración. A firma protagonizárona os seus respectivos presidentes, José Manuel Rey Varela e Teresa París. É a terceira vez que ambas as entidades subscriben este convenio, tras as positivas experiencias dos anos 1988 e 2005.

En virtude deste acordo, a Fegamp pon a disposición do Fondo Galego as súas instalacións e as súas capacidades para converter aos concellos “nun punto de encontro da cooperación internacional”. A día de hoxe, o Fondo Galego converteuse na rede sectorial máis numerosa do municipalismo galego, baseada nun modelo cooperativo de éxitos contrastados, e constitúese como un instrumento ao servizo da acción exterior de Galicia.

Para a Fegamp, a existencia do Fondo Galego ten un papel esencial como axente de sensibilización en Galicia sobre as desigualdades existentes a nivel mundial, colocando na axenda municipal galega a defensa e promoción dos Dereitos Humanos, ao tempo que promove proxectos de desenvolvemento nos países empobrecidos.

Para José Manuel Rey Varela, “hai concellos que, ademais de preocuparse dos seus problemas, elevaron esa responsabilidade un pouco máis aló, até tomar conciencia de que se en Europa estamos a pasalo mal, que non estará a pasar en países con máis dificultades para o seu desenvolvemento”.

En consecuencia, animou “a todos aqueles que non están presentes no Fondo a que dean ese paso, implicándose na maneira que lles sexa posible e que lle permitan os seus recursos”, porque “cun pouco de todos alcanzaremos un moito para algún”. “A crise non pode servir de escusa para deixar de apoiar a quen máis o seguen necesitando”, rematou.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 90 Concellos e as Deputacións da Coruña e Lugo. Ata o momento, ten desenvolvido uns 150 proxectos en 25 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.



## CONCELLOS TURÍSTICOS

A Comisión Executiva autorizou, na súa reunión de marzo, a creación da sección “Concellos con intereses turísticos”, despois da asemblea mantida por medio centenar de municipios na sede da Fegamp o día 11 de marzo, e que contou coa presenza do presidente da Federación e alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela.

No transcurso da mesma decidiuse a creación dunha única sección, que se subdividirá en tres grupos de traballo: concellos declarados de interese turístico; concellos con festas de interese turístico rexional, nacional ou internacional; e concellos con distintivos de calidade.

Deste xeito aténdese ás particularidades dos concellos enmarcados nos distintos grupos, ao entenderse que podían quedar soslayadas se se abordaban desde unha perspectiva unívoca de sección.

A sección estará organizada a través dun presidente e un comité de dirección con seis membros, dous de cada grupo de traballo, garantindo a representatividade de todos os grupos políticos. Esta estrutura está recollida no borrador de normas de funcionamento acordado e consensuado polos concellos participantes nesta asemblea constituínte.

Unha vez que se constituía a sección e os grupos de traballo, poderán adherirse á mesma todos os concellos que así o soliciten. A sección gozará de plena autonomía para organizarse e elaborar o seu calendario de traballo.

As súas propostas serán trasladadas á Comisión Executiva da Fegamp e incluíranse na folia de ruta da Federación, dentro da súa relación con outras administracións públicas. Os concellos xa contan ademais cun técnico da Federación como ligazón, Alberto León, que na actualidade xa é o responsable de cuestións turísticas no seo da Fegamp.

BOE Nº. 106  
XOVES, 1 DE MAIO DE 2014

## MINISTERIO DO INTERIOR

**Orde INT/701/2014, do 25 de abril, pola que se determinan os municipios aos que son de aplicación as medidas previstas no Real Decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica.**

### OBXECTO

O Real Decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, establece un catálogo de medidas urxentes para reparar os danos causados ás persoas e bens afectados polas tormentas de vento e mar acaecidas na fachada atlántica e a costa cantábrica españolas durante os meses de xaneiro e febreiro de 2014.

Dado que o artigo 1.2 de dito Real Decreto-lei establece que a determinación dos termos municipais e núcleos de poboación afectados aos que serán aplicables as medidas recollidas no mesmo se determinarán por orde do Ministro do Interior, o obxecto desta norma é proceder a dita determinación.

### ÁMBITO DE APLICACIÓN

- As medidas establecidas polos artigos 2, 3, 4, 8, 9, 11, 12, 13, 14, 15 e 16 do Real Decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica, serán de aplicación aos termos municipais e núcleos de poboación aos que se refire o anexo I desta orde.

### ANEXO I

#### Comunidade Autónoma de Galicia

**A Coruña:** Ares; Arteixo; Bergondo; Boiro; Cabana de Bergantiños; Cabanas; Camariñas; Cambre; Carballo; Cariño; Carnota; Cedeira; Cee; Corcubión; Coruña, A; Culleredo; Dumbría; Fene; Ferrol; Fisterra; Laracha, A; Laxe; Lousame; Malpica de Bergantiños; Mañón; Miño; Mugardos; Muros; Muxía; Narón; Neda; Noia; Oleiros; Ortigueira; Outes; Pobra do Caramiñal, A; Ponteceso; Pontedeume; Porto do Son; Rianxo; Ribeira; Sada; Valdoviño e Vimianzo.

**Lugo:** Barreiros; Burela; Cervo; Foz; Parga (Guitiriz); Ribadeo; Vicedo, O; Viveiro e Xove.

**Pontevedra:** Baiona; Bueu; Cambados; Cangas do Morrazo; Catoira; Gondomar; Grove, O; Guarda, A; Illa de Arousa, A; Marín; Meaño; Moaña; Nigrán; Oia; Poio;; Pontevedra; Redondela; Ribadumia; Rosal, O; Sanxenxo; Soutomaior; Tomiño; Tui; Vigo; Vilaboa; Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

- As medidas establecidas polos artigos 5, 6, 7 e 10 do Real Decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, serán de aplicación aos termos municipais e núcleos de poboación aos que se refire o anexo II desta orde.

### ANEXO II

#### Comunidade Autónoma de Galicia

**A Coruña:** A Coruña; Ares; Arteixo; Bergondo; Cabana de Bergantiños; Cabanas; Camariñas; Carballo; Cariño; Carnota; Cedeira; Cee; Corcubión; Dumbría; Fene; Ferrol; Laracha; Laxe; Malpica de Bergantiños; Mañón; Miño; Muros; Muxía; Noia; Oleiros; Ortigueira; Ponteceso; Pontedeume; Porto do Son; Sada e Valdoviño.

**Lugo:** Abadín; A Pastoriza; A Pobra do Brollón; Baleira; Baralla; Barreiros; Begonte; Bóveda; Burela; Castro de Rei; Cervo; Chantada; Cospeito; Foz; Folgoso do Courel; Friol; Guitiriz; Guntín; Lámbara; Lugo; Meira; Monforte de Lemos; Monterroso; O Corgo; O Incio; O Páramo; O Saviñao; O Vicedo; Outeiro de Rei; Palas de Rei; Pantón; Paradela; Pedrafitá do Cebreiro; Pol; Portomarín; Quiroga; Rábade; Ribadeo; Ribas de Sil; Samos; Sarria; Sober; Taboada; Triacastela; Vilalba; Viveiro Xermade; e Xove.

**Pontevedra:** A Cañiza; A Guarda; Arbo; As Neves; Baiona; Balneario de Mondariz; Bueu; Cangas; Crecente; Illa De Arousa; Marín; Moaña; Mondariz; Mos; Nigrán; O Covelo; O Grove; O Porriño; O Rosal; Oia; Pazos de Borbén; Poio; Ponteareas; Pontevedra; Redondela; Salceda de Caselas; Salvaterra de Miño; Sanxenxo; Tomiño; Tui; Vilaboa; Vigo; Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

**Ourense:** A Bola; A Merca; A Peroxa; A Pobra de Trives; A Rúa; A Teixeira; A Veiga; Allariz; Amoeiro; Arnoia; Avión; Baltar; Bande; Baños de Molgas; Barbadás; Beade; Beariz; Boborás; Calvos de Randín; Carballada de Avia; Carballada de Valdeorras; Cartelle; Cástro do Miño; Castrelo do Val; Castro Caldelas; Celanova; Cenlle; Chandrexa de Queixa; Coles; Cortegada; Entrimo; Esgos; Gome sende; Larouco; Leiro; Lobeira; Lobios; Maceda; Manzaneda; Maside; Melón; Montederramo; Muíños; Nogueira de Ramuín; O Barco de Valdeorras; O Bolo; O Carballiño; O Irixe; O Pereiro de Aguiar; Os Blancos; Ourense; Paderne de Allariz; Padrenda; Parada de Sil; Petín; Piñor; Pontevedra; Porqueira; Punxín; Quintela de Leirado; Rairiz de Veiga; Ramirás; Ribadavia; Rubiá; San Amaro; San Cibrao Das Viñas; San Cristovo de Cea; San Xoán de Río; Sandiás; Sarreaus; Taboadela; Toén; Trasmiras; Vereia; Viana do Bolo; Vilamarín; Vilamartín de Valdeorras; Vilar de Barrio; Vilar de Santos; Vilarinho de Conso; Xinzo de Limia; Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo.

**Habilitación de prazos:** 01/05/2014 – 01/07/2014

O prazo de dous meses para a presentación das solicitudes a que fan referencia os artigos 2.4 e 3.3 do Real Decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, contaránse a partires da entrada en vigor desta orde.

**Para máis información:** [www.interior.gob.es](http://www.interior.gob.es)



DOG Nº. 85

MARTES, 6 DE MAIO DE 2014

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

**ORDE do 28 de abril de 2014 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2014 e se procede á súa convocatoria.**

### **OBXECTO**

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión das axudas ás entidades locais de Galicia, para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación e proceder á súa convocatoria para o ano 2014 en réxime de concorrencia competitiva.

### **BENEFICIARIOS**

1. Poderán solicitar estas axudas os concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios a que se refire a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
2. Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidad para estes efectos e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as axudas que regula esta orde. Neste suposto, todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.
3. Ningún concello ou entidade local dos sinalados nos puntos anteriores poderá:
  - a) Presentar a solicitude de subvención se o fixo unha entidade local na cal estean integrados ou da cal dependan.
  - b) Figurar en máis dunha solicitude colectiva das que sinala o punto 2.
  - c) Figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.
4. O incumprimento destas normas dará lugar á non admisión de todas as solicitudes individuais de subvención subscritas pola entidade de que se trate, dando validez á solicitude realizada de forma conxunta. No caso de figurar en máis dunha solicitude conxunta, non será admitida ningunha delas.
5. Aquelas solicitudes conxuntas presentadas en calquera das modalidades previstas nos puntos anteriores, nas cales non se acredite suficientemente a realización conxunta do proxecto obxecto de subvención, e que supoñan realmente actuacións independentes de cada entidade local, non serán admitidas a trámite.
6. Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas entidades locais que non estean ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, ou teñan pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

### **PERÍODO SUBVENCIONABLE E CONTÍA DAS AXUDAS**

1. O período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2014.
2. A contía máxima que se concederá será de 3.000 euros, que poderá chegar ata 8.000 euros no caso de entidades locais que presenten a súa solicitude conxuntamente con outra/s de calquera das formas establecidas no artigo 2 desta convocatoria. Quedará por conta da entidade local a diferenza de financiamento necesario para a execución total do programa subvencionado.
3. As entidades locais deberán participar no financiamento cun mínimo do 25 % do orzamento total, tendo en conta o recollido no punto anterior.

### **CONCEPTOS SUBVENCIONABLES**

1. Serán obxecto de axuda:
  - a) Os custos derivados do funcionamento normal dun servizo de información xuvenil, así como as actividades de dinamización da información que se leven a cabo desde este.
  - b) As actividades formativas e educativas, as relacionadas co espírito creativo e emprendedor da mocidade, os programas de información e asesoramento e, en xeral, os que faciliten a participación xuvenil en actividades de educación non formal e os relacionados co asociacionismo e liderado xuvenil, todos eles destinados á mocidade de idades comprendidas entre os 12 e os 35 anos.
2. Non son subvencionables os gastos recollidos no artigo 29.7º da Lei de subvencións de Galicia e ademais:
  - a) A adquisición de bens mobles ou inmobles.
  - b) A merca de instrumentos musicais, uniformes, traxes, etc.
  - c) O custo dos grupos de música e baile para festas.
  - d) Os actos que teñan lugar fóra de Galicia.
  - e) Os actos dun día de duración.

**Prazo:** 06-06-2014

### **Para máis información:**

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado  
Complexo Administrativo San Lázaro, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Tlf. 981544807  
Fax. 981545843  
xuventude@xunta.es

# Fondo Compensación Ambiental 2014

O día 30 de abril de 2014 publicouse no DOG a Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Tal e como se especifica, os ingresos previstos pola aplicación do canon eólico ascenderon a un total de **22.842.890 Euros**, polo que o Fondo de Compensación Ambiental, deducido o importe establecido no Artigo 25 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, resulta dun total de **11.421.445 Euros**.

A distribución final, unha vez incorporada unha cantidade de 352.751,50 € procedentes do saldo de crédito do orzamento 2013, quedaría do seguinte xeito:

	IMPORTE
D.X. Administración Local. Actuacións Fondo de compensación Ambiental	150.000 €
D.X. Administración Local Fondo de Compensación Ambiental Convenio Grupos Emerxencia	560.000 €
D.X. Emerxencias e Interior Consorcios comarcais contra incendios	652.200 €
D.X. Emerxencias e Interior Consorcios provinciais contra incendios	1.694.071 €
Liñas en concorrencia non competitiva*	7.049.079,66 €
Liñas en concorrencia competitiva	1.668.845,84 €

**Liñas en concorrencia non competitiva(\*)**: Concellos no que o termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

O Fondo de Compensación Ambiental ten como finalidade a aplicación de actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial. A xestión do Fondo correspóndelle á dirección xeral competente en materia de réxime local.

Na orde regúlanse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental, en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, afectadas á realización de gastos que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego.

DOG N.º. 82

MÉRCORES, 30 DE ABRIL DE 2014

## VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

**ORDE do 29 de abril de 2014 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.**

### **LIÑAS DE SUBVENCIÓN, BENEFICIARIOS INDIVIDUAIS E DE XESTIÓN COMPARTIDA E EXCLUSIÓNS**

- Esta orde reguladora da convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental inclúe, segundo o principio de economía procedemental, dúas liñas de subvención coa mesma causa e finalidade, isto é, o cumprimento da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental:
  - Convocatoria de subvencións de natureza non competitiva, destinada a aqueles concellos de Galicia cuxo territorio municipal estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, aos afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, relacionados no anexo V-A e no anexo V-B desta orde, que formulen:
    - Petición de maneira individual.
    - Petición de maneira conxunta mediante agrupación ou asociación de concellos nos termos do artigo 9.
  - Convocatoria de subvencións de natureza competitiva:
    - Os concellos de Galicia que formulen petición de maneira individual.

- b) Os concellos de Galicia que formulen petición de maneira conxunta mediante agrupacións ou asociacións de concellos, nos termos do artigo 9.
  - c) As mancomunidades de concellos de Galicia.
  - d) Os consorcios locais de Galicia, constituídos de acordo coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, sempre que estean participados por un ou varios concellos.
2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta orde as deputacións provinciais.

### GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos elixibles ou subvencionables:
- a. Os investimentos en inmovilizado: custo de man de obra externa, execución material, equipamentos e instalacións. Cando no investimento participe directamente persoal da entidade local procederase á imputación dos gastos correspondentes ao persoal utilizado.
  - b. Custos de proxecto e dirección de obra, de tratarse de contratacións externas.
  - c. Custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente e do espazo natural. No caso de utilizar persoal da entidade local procederase á imputación dos gastos correspondentes ao persoal utilizado.
  - d. Contratación de persoal para os servizos municipais nos termos desta orde.
2. Considéranse tamén gastos subvencionables:
- a. Os contratos de subministración para a adquisición de equipamentos, produtos, vehículos ou bens mobles.
  - b. Os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistráis e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.
  - c. Os tributos, sobre todo o imposto sobre o valor engadido (IVE) son subvencionables se o beneficiario os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.
  - d. Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que os imputase o beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.
3. En todo caso, as subvencións están destinadas á realización de actuacións de investimento e a custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente e do espazo natural, e deberán responder a algún dos seguintes criterios ou obxectivos:
- a. Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ao coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis á recuperación do medio natural degradado ou contaminado.

- b. Actuacións de impulso da eficiencia e de utilización sustentable das enerxías renovables.
  - c. Outras actuacións de protección do ambiente e do espazo natural.
- Para os efectos do previsto neste artigo, considerarase que atenden aos criterios determinados nas letras a), b) e c) do ordinal terceiro anterior, entre outros, os seguintes proxectos:
- a) Recuperación de espazos ambientalmente degradados ou contaminados.
  - b) Proxectos de eficiencia enerxética na luz pública ou obras en edificios municipais que supoñan unha mellora na eficiencia enerxética do edificio.
  - c) Proxectos de utilización sustentable de enerxías renovables en instalacións e edificios municipais.
  - d) Vehículos eléctricos e vehículos híbridos.
  - e) Centros de interpretación do ambiente e aulas da natureza.
  - f) Parques-escolas infantís que teñan como contido ou característica principal a utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais.
  - g) Paseos, áreas recreativas e rutas de sendeirismo que se localicen ou transcorran por zonas con valores ambientais, para a súa utilización recreativa e/ou didáctica.
  - h) Puntos limpos e centros de reciclaxe de residuos.
  - i) Proxectos de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de augas.
  - j) Proxectos e actuacións no ámbito municipal para evitar a degradación e a deterioración ambiental, en particular aquelas actuacións destinadas á prevención de incendios forestais.
  - k) Proxectos e actuacións para o control ambiental no ámbito municipal, tales como a adquisición de equipamento para efectuar as medicións relacionadas con actividades molestas e insalubres e para a toma de mostras, tanto sólidas como líquidas, no caso de residuos e verteduras.
  - l) Adquisición de vehículos destinados a actuacións de protección do ambiente e do espazo natural, incluídas aquelas actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.
  - m) Vehículos con equipamento especial para o desenvolvemento de tarefas no eido ambiental tales como sonómetros para efectuar as medicións relacionadas cos ruídos molestos e insalubres e/ou equipamento para toma de mostras, tanto sólidas como líquidas, nos casos de residuos e verteduras.

**Prazo:** 30-05-2014

### Para máis información:

Na Dirección Xeral de Administración Local, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<http://cpapx.xunta.es>) ou na páxina web [www.eidolocal.es](http://www.eidolocal.es)
- b) Nos teléfonos 881 99 72 58 (*Liña en concorrencia non competitiva*) e 981 54 74 02 (*Liña en concorrencia competitiva*).
- c) No enderezo electrónico [administracionlocal@xunta.es](mailto:administracionlocal@xunta.es)


# PROGRAMAS DE Atención INTEGRAL á INFANCIA PARA CONCELLOS



**Campamentos  
urbanos e escolas  
de verán**




**Obradoiros  
e talleres  
temáticos**



**Ludotecas**



**Programas específicos  
para colectivos con  
discapacidade**



**Actividades de  
co-igualdade**



**Escola de  
nais e pais**



**Actividades de ocio  
interxeracional**

**Escola de tempo libre  
Proxecto Aldebarán**

**986 57 20 25**  
**WWW.COESCO.COM**



**VIAQUA**

**AO  
CUIDADO  
DA  
ÁGUA**

[www.viaqua-sa.es](http://www.viaqua-sa.es)